



Proxecto de Decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de técnico deportivo en Baloncesto, e se modifican o Decreto 135/2012, do 31 de maio, o Decreto 73/2013, do 18 de abril, e o Decreto 64/2015, do 16 de abril

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é de competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao número primeiro do artigo 81 daquela, o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o punto 30 do número 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada por a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, configura no seu artigo 3 as ensinanzas deportivas como ensinanzas de carácter especial e regúlalas nos artigos 63 a 65. Segundo o artigo 63.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o currículo das ensinanzas deportivas axustarase ás esixencias derivadas do Sistema nacional de cualificacións e formación profesional e ao establecido no número 3 do artigo 6.bis da lei orgánica. E, de conformidade co artigo 64.5 o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, establecerá as titulacións correspondentes aos estudos de ensinanzas deportivas, os aspectos básicos do currículo de cada unha delas e os requisitos mínimos dos centros en que se poderán impartir as ensinanzas respectivas.

Desenvolvendo as previsións da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en materia de ensinanzas deportivas aprobouse o Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial cuxo artigo 5 define a organización básica das ensinanzas deportivas, tomando como base as modalidades deportivas e, de ser o caso, as súas especialidades, de conformidade co recoñecemento outorgado polo Consello Superior de Deportes de acordo co artigo 8.b) da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte. E o artigo 16.3 do citado real decreto dispón como as administracións competentes establecerán o currículo das modalidades e, de ser o caso, as especialidades deportivas, de acordo co previsto na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta a realidade do sistema deportivo no territorio da súa competencia coa finalidade de que as ensinanzas deportivas respondan ás súas necesidades de cualificación.

Neste sentido o Goberno da Nación aprobou o Real decreto 980/2015, do 30 de outubro, polo que se establece o título de técnico deportivo en Baloncesto e se fixan o seu currículo básico e os requisitos de acceso. O capítulo III deste real decreto concretou o perfil profesional do ciclo inicial e final de grao medio en Baloncesto, que queda determinado pola súa competencia xeral, as súas competencias profesionais, persoais e sociais, pola relación de cualificacións e, de ser o caso, polas unidades



de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais incluídas no título e o ámbito profesional, laboral e deportivo.

Logo de que o Goberno fixase no Real decreto 980/2015, do 30 de outubro, o perfil profesional do ciclo inicial e final de grao medio en Baloncesto, as súas ensinanzas mínimas e os requisitos de acceso, e aqueles outros aspectos da ordenación académica que constitúen os aspectos básicos do currículo, procede determinar, no ámbito de xestión da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a ampliación e contextualización dos contidos dos módulos de ensino deportivo incluídos nos ciclos inicial e final, respectando os seus perfís profesionais.

Por outra banda, os centros de ensinanzas deportivas desenvolverán os currículos establecidos neste decreto co obxecto de adaptar a programación e a metodoloxía do currículo ás características do alumnado e ás posibilidades formativas do seu contorno, empregando, de ser o caso, as medidas flexibilizadoras que, no marco da normativa vixente, posibiliten adecuacións particulares do currículo en cada centro de acordo cos recursos dispoñibles, sen que en ningún caso supoña a supresión de obxectivos que afecten ao perfil profesional de cada ciclo.

As ensinanzas que regula este decreto configúranse para dotar o alumnado dos coñecementos suficientes para permitirlles o exercicio competente das funcións do seu perfil profesional. De acordo con este obxectivo xenérico, ponse o acento en conseguir unha formación completa, cun equilibrio entre o carácter teórico e práctico, de maneira que o proceso de formación se vincule á realidade científico-técnica e social do baloncesto.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34.5 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, logo do ditame do Consello Escolar de Galicia, (de acordo co/oído o) Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día ... de de

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Obxecto

Artigo 1. Obxecto

Este decreto ten por obxecto establecer o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de técnico deportivo en Baloncesto, que será de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia.

CAPÍTULO II

Identificación do título e organización das ensinanzas



Artigo 2. Identificación do título de técnico deportivo en Baloncesto

O título de técnico deportivo en Baloncesto queda identificado polos seguintes elementos:

- a) Denominación: baloncesto.
- b) Nivel: ensinanzas deportivas de grao medio.
- c) Duración: 1.005 horas.
- d) Referente internacional: CINE-3 (Clasificación internacional normalizada de educación).

Artigo 3. Organización das ensinanzas conducentes ao título de técnico deportivo en Baloncesto

As ensinanzas conducentes ao título de técnico deportivo en Baloncesto organízanse en dous ciclos:

- a) Ciclo inicial de grao medio en Baloncesto, tendo unha duración de 430 horas.
- b) Ciclo final de grao medio en Baloncesto, tendo unha duración de 575 horas.

Artigo 4. Especializacións do título de técnico deportivo en Baloncesto

O título de técnico deportivo en Baloncesto terá como especializacións:

- a) Baloncesto escolar.
- b) Baloncesto adaptado.
- c) Baloncesto en cadeira de rodas.
- d) Baloncesto 3x3 na etapa de tecnificación.

CAPÍTULO III

Perfil profesional e ámbito profesional, persoal e laboral deportivo dos ciclos

Artigo 5. Perfil profesional dos ciclos de grao medio en Baloncesto

O perfil profesional do ciclo inicial e final de grao medio en Baloncesto queda determinado pola súa competencia xeral, as súas competencias profesionais, persoais e sociais, pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais incluídas no título e polo ámbito profesional, laboral e deportivo.

Artigo 6. Competencia xeral do ciclo inicial de grao medio en Baloncesto



A competencia xeral do ciclo inicial de grao medio en Baloncesto consiste en dinamizar, instruír e concretar a iniciación deportiva de baloncesto; acompañar, animar, dirixir, organizar e tutelar os/as deportistas durante a súa participación en actividades, competicións e eventos propios destas etapas; e todo iso conforme ás directrices establecidas no modelo de formación de referencia, en condicións axeitadas de seguridade e cun aceptable nivel de calidade que permita a satisfacción dos/das deportistas na actividade.

Artigo 7. Competencias profesionais, persoais e sociais do ciclo inicial de grao medio en Baloncesto

As competencias profesionais, persoais e sociais do ciclo inicial de grao medio en Baloncesto son as que se relacionan a continuación:

a) Identificar as habilidades técnicas ofensivas e defensivas, as situacións tácticas propias e as principais normas do regulamento utilizadas nas etapas iniciais do baloncesto, co nivel suficiente para o desenvolvemento das tarefas propias da iniciación deportiva.

b) Atender o/a deportista, informándoo/a das características da actividade, solicitando información sobre as súas motivacións e intereses, e estimulándoo/a cara á práctica do baloncesto.

c) Valorar as habilidades técnicas e a capacidade de xogo nas etapas iniciais dos/das deportistas co obxecto de mellorar o seu nivel, incorporándoos/as a un grupo e tomar as medidas de corrección axeitadas.

d) Concretar a sesión de adestramento para as etapas iniciais en baloncesto, de acordo coa programación de referencia, adecuándose ás características dos/das participantes e do grupo, así como ás condicións espaciais e materiais existentes, tendo en conta a transmisión de valores de práctica saudable, de respecto e coidado do propio corpo.

e) Dinamizar e dirixir a sesión de adestramento en etapas de iniciación ao baloncesto, mostrando os fundamentos do baloncesto, utilizando unha linguaxe específica elemental axeitada e adaptada aos/ás deportistas, solucionando as dificultades que xurdan, conseguindo unha participación motriz máxima conforme aos obxectivos propostos para a sesión, e dentro das normas de seguridade requiridas.

f) Controlar a seguridade da práctica dos/das xogadores/as de baloncesto nas etapas iniciais, supervisando previamente as instalacións e medios a utilizar, vixiándoas durante a práctica.

g) Asistir como primeiro/a interveniente en caso de accidente ou situación de emerxencia, requirindo a axuda profesional en caso de dúbida ou de ser necesario.



h) Acompañar e dirixir os/as deportistas nas competicións e outras actividades de etapas iniciais en baloncesto, elixindo os modelos tácticos máis axeitados e proporcionando unha experiencia motivadora, segura, e que induza á repetición.

i) Dirixir e coordinar os/as deportistas, xestionando as propias emocións e as relacións que se dan en competicións das etapas iniciais, aplicando as estratexias axeitadas, transmitindo e sendo exemplo dos valores éticos vinculados ao xogo limpo e ao respecto cara ás demais persoas e ao regulamento, reforzando a responsabilidade individual e o esforzo persoal.

j) Colaborar e intervir na dinamización, organización, xestión e arbitraje de competicións e eventos propios do baloncesto lúdico co obxecto de captar, adherir e fidelizar o/a deportista.

k) Participar en equipos de traballo técnico, aceptando o traballo colaborador e estando disposto/a a aprender das demais persoas.

l) Valorar o desenvolvemento da sesión de aprendizaxe e das competicións nas etapas iniciais, a partir da observación do xogo e dos/das xogadores/as utilizando recursos tecnolóxicos e ferramentas de recollida da información.

m) Asumir a responsabilidade de ser persoal técnico deportivo nas etapas iniciais, formando persoas ademais de xogadores/as, entendendo a dimensión lúdica que ten o baloncesto e potenciando os mellores valores do deporte colectivo.

n) Posuír o espírito de mellora e interese constante, sendo activo/a na formación permanente, no esforzo persoal, na innovación no ámbito do seu labor como persoal técnico deportivo, potenciando o aprender a aprender.

Artigo 8. Relación de cualificacións e unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais no ciclo inicial de grao medio en Baloncesto

O ciclo inicial de grao medio en baloncesto inclúe a unidade de competencia UC0272_2_R: asistir como primeiro/a interveniente en caso de accidente ou situación de emerxencia, do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.

Artigo 9. Ámbito profesional, laboral e deportivo do ciclo inicial de grao medio en Baloncesto

1. Este/a profesional desenvolve a súa actividade profesional tanto no ámbito público, xa sexa a Administración Xeral do Estado, as Administracións autonómicas ou locais, como en entidades de carácter privado, xa sexa grandes, medianas ou pequenas empresas, en padroados deportivos, entidades deportivas municipais, federacións e clubs deportivos e sociais, escolas de baloncesto, centros de iniciación deportiva, centros educativos, empresas de servizos deportivos, campus de baloncesto, etc., que ofrezan actividades deportivo-recreativas de descubrimento e iniciación ou tecnificación ao baloncesto.



2. Sitúase nos sectores do deporte, o ocio, e o tempo libre e o turismo.

3. As ocupacións e postos de traballo máis relevantes para estes/as profesionais son as seguintes:

- a) Adestrador/a de nivel 1 de baloncesto.
- b) Monitor/a de escolas de baloncesto.

4. O desenvolvemento destas ocupacións e postos de traballo no ámbito público realizarase de acordo aos principios e requisitos de acceso ao emprego público previstos na normativa vixente.

Artigo 10. Competencia xeral do ciclo final de grao medio en Baloncesto

A competencia xeral do ciclo final de grao medio en Baloncesto consiste en confeccionar, adaptar, dinamizar e dirixir o adestramento na etapa de tecnificación deportiva de baloncesto; coordinar, acompañar e tutelar os/as deportistas durante a súa participación en actividades, competicións e eventos propios deste nivel; xestionar os recursos materiais necesarios e as actividades do persoal técnico ao seu cargo; organizar actividades, competicións e eventos deste ou inferior nivel; todo iso conforme ás directrices establecidas na programación de referencia, en condicións de seguridade e cun nivel alto de calidade que permita a satisfacción dos/das deportistas participantes na actividade.

Artigo 11. Competencias profesionais, persoais e sociais propias do sistema deportivo do ciclo final de grao medio en Baloncesto

As competencias profesionais, persoais e sociais do ciclo final de grao medio en Baloncesto son as que se relacionan a continuación:

a) Valorar e agrupar o/a deportista en función das súas habilidades técnicas, físicas, psicolóxicas, tácticas, capacidade de xogo e competitividade, para adaptar a programación de referencia de tecnificación en baloncesto, e manter a motivación reforzando o interese pola práctica.

b) Adaptar e concretar ciclos, programas específicos de tecnificación e sesións de adestramento de baloncesto eficaces e eficientes, de acordo coa programación de referencia, adecuándose ás características dos/das participantes, do grupo, e da competición na que participan, así como ás condicións espaciais e materiais existentes.

c) Diseñar programas de ensino de baloncesto, de acordo cos obxectivos das etapas posteriores, tendo en conta a transmisión de valores propios deste deporte, de práctica saudable, de respecto e de coidado do propio corpo.

d) Dinamizar e dirixir a sesión de adestramento na etapa de tecnificación en baloncesto, utilizando as estratexias metodolóxicas axeitadas, solucionando as



dificultades que xurdan, detectando e corrixindo erros, e logrando unha implicación óptima do/da deportista nesta etapa.

e) Dirixir o equipo no partido, analizando a aplicación do regulamento, seleccionando tácticas e estratexias axeitadas á etapa de tecnificación e á situación competitiva, para mellorar o rendemento individual e colectivo.

f) Dirixir os/as xogadores/as do equipo, mantendo o autocontrol emocional en situacións de competición, controlando as relacións do equipo, demostrando liderado e potenciando o xogo limpo, o respecto a un mesmo e ás demais persoas, ao regulamento e a quen vela por el.

g) Organizar eventos propios da iniciación deportiva, e colaborar e intervir na xestión de competicións e eventos propios da tecnificación en baloncesto, co obxecto de captar, adherir e fidelizar o/a deportista na práctica deste deporte.

h) Xestionar a dirección deportiva na etapa de tecnificación, coordinando outro persoal técnico encargado da iniciación deportiva, supervisando, asesorando e colaborando na súa programación, organizando os recursos materiais e humanos, todo iso co fin de dinamizar e favorecer as relacións dos equipos técnicos, participando do traballo colaborador.

i) Valorar o desenvolvemento dos ciclos de adestramento e dos resultados obtidos, recollendo e procesando a información necesaria para contrastar o proceso de evolución e tecnificación deportiva, permitindo o axuste e a mellora permanente do proceso de adestramento.

j) Analizar e valorar dende a observación (*scouting*), os compoñentes tácticos do xogo colectivo na etapa de tecnificación, utilizando os recursos tecnolóxicos específicos para a mellora do desempeño do persoal técnico, dos/das xogadores/as e do equipo.

k) Transmitir valores do deporte colectivo, os dereitos e deberes, implicándose no desenvolvemento do/da deportista como xogador/a e como persoa.

l) Demostrar o espírito de mellora e interese constante pola formación ao longo da vida, no esforzo persoal e na innovación no ámbito do seu labor como persoal técnico deportivo, no desenvolvemento das súas capacidades e logro das súas competencias.

Artigo 12. Ámbito profesional, laboral e deportivo do ciclo final de grao medio en Baloncesto

1. Este/a profesional desenvolve a súa actividade profesional tanto no ámbito público, xa sexa a Administración Xeral del Estado, as Administracións autonómicas ou locais, como en entidades de carácter privado, xa sexa grandes, medianas ou pequenas empresas, en padroados deportivos, entidades deportivas municipais,



federacións, centros de tecnificación, clubs deportivos e sociais, centros educativos, empresas de servizos deportivos, campus de baloncesto, que ofrezan actividades deportivo-recreativas de tecnificación en baloncesto.

2. Sitúase nos sectores do deporte, o ocio e o tempo libre.

3. As ocupacións e postos de traballo máis relevantes son as seguintes:

a) Adestrador/a de nivel 2 de baloncesto.

b) Director/a técnico/a de club de base.

c) Coordinador/a de escolas de baloncesto.

4. O desenvolvemento destas ocupacións e postos de traballo no ámbito público realizarase de acordo aos principios e requisitos de acceso ao emprego público previstos na normativa vixente.

CAPÍTULO IV

Estrutura das ensinanzas de cada un dos ciclos de ensino deportivo conducentes ao título de técnico deportivo en Baloncesto

Artigo 13. Estrutura dos ciclos inicial e final de grao medio en Baloncesto

1. Os ciclos inicial e final de grao medio en Baloncesto estrutúranse en módulos, agrupados en bloque común e bloque específico.

2. Os módulos de ensino deportivo do ciclo inicial de grao medio en Baloncesto son os que a continuación se relacionan:

a) Módulos do bloque común:

MED-C101. Bases do comportamento deportivo.

MED-C102. Primeiros auxilios.

MED-C103. Actividade física adaptada e discapacidade.

MED-C104. Organización deportiva.

b) Módulos do bloque específico:

MED-BCBC102. Formación do/da xogador/a en etapas iniciais.

MED-BCBC103. Dirección de equipos en etapas iniciais.

MED-BCBC104. Ensino do baloncesto.



MED-BCBC105. Táctica de ataque e defensa en etapas iniciais.

MED-BCBC106. Formación práctica.

3. Os módulos de ensino deportivo do ciclo final de grao medio en Baloncesto son os que a continuación se relacionan:

a) Módulos do bloque común:

MED-C201. Bases da aprendizaxe deportiva.

MED-C202. Bases do adestramento deportivo.

MED-C203. Deporte adaptado e discapacidade.

MED-C204. Organización e lexislación deportiva.

MED-C205. Xénero e deporte.

b) Módulos do bloque específico:

MED-BCBC201. Formación do/da xogador/a na etapa de tecnificación.

MED-BCBC202. Dirección de equipos na etapa de tecnificación.

MED-BCBC203. Adestramento en baloncesto.

MED-BCBC204. Táctica de ataque e defensa na etapa de tecnificación.

MED-BCBC205. Iniciación en baloncesto en cadeira de rodas.

MED-BCBC206. Formación práctica.

4. A distribución horaria dos ciclos inicial e final de grao medio en Baloncesto establécese no anexo I.

5. Os obxectivos xerais e os módulos de ensino deportivo dos ciclos inicial e final de grao medio en Baloncesto quedan desenvolvidos nos anexos II e III.

Artigo 14. *Ratio profesorado/alumnado*

1. Para impartir os módulos do bloque común e os contidos relacionados cos resultados de aprendizaxe de carácter conceptual dos módulos do bloque específico, dos ciclos inicial e final de grao medio en Baloncesto, a relación profesorado/alumnado será de 1/30.

2. Para impartir os contidos relacionados cos resultados de aprendizaxe de carácter procedemental dos módulos do bloque específico dos ciclos inicial e final de grao medio en Baloncesto, a relación profesorado/alumnado será a recollida no



anexo IV.

Artigo 15. Módulo de formación práctica

Para iniciar os módulos de formación práctica dos ciclos inicial e final de grao medio en Baloncesto, será necesario ter superado con anterioridade os módulos comúns e específicos de ensino deportivo que se establecen no anexo V.

Artigo 16. Espazos e equipamentos deportivos

Os espazos e equipamentos mínimos necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas dos ciclos de grao medio en Baloncesto son os establecidos nos anexos VI-A e VI-B.

CAPÍTULO V

Acceso a cada un dos ciclos

Artigo 17. Requisitos xerais de acceso aos ciclos inicial e final de grao medio en Baloncesto

1. Para acceder ao ciclo inicial de grao medio en Baloncesto será necesario ter o título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria na opción de ensinanzas aplicadas ou na de ensinanzas académicas, ou equivalente para os efectos de acceso.

2. Para acceder ao ciclo final de grao medio en Baloncesto será necesario acreditar ter superado o ciclo inicial de grao medio en Baloncesto.

Artigo 18. Requisitos de acceso ao ciclo inicial de grao medio en Baloncesto para persoas sen o título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria

Poderase acceder ás ensinanzas do ciclo inicial de grao medio en Baloncesto sen o título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, sempre que o/a aspirante reúna os outros requisitos de carácter específico que se establecen no Real decreto 980/2015, do 30 de outubro, cumpra as condicións de idade e supere a proba establecida no artigo 31.1.a) do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial.

Artigo 19. Requisito de acceso específico ao ciclo inicial de grao medio en Baloncesto

1. Para acceder ao ciclo inicial de grao medio en Baloncesto será necesario superar a proba de carácter específico que se establece no anexo VII ou acreditar o mérito deportivo de ter competido durante polo menos unha tempada en calquera categoría de competición federativa desde a categoría infantil ata categoría absoluta.



2. Tanto a proba de carácter específico do ciclo inicial RAE-BCBC101 como o mérito deportivo, acreditan a competencia profesional de «identificar as habilidades técnicas ofensivas e defensivas, as situacións tácticas propias e as principais normas do regulamento utilizadas nas etapas iniciais do baloncesto, co nivel suficiente para o desenvolvemento das tarefas propias da iniciación deportiva», recollida no artigo 7, e que no título se lles asigna unha carga horaria de formación de 105 horas sobre a duración total do ciclo inicial de grao medio en Baloncesto.

3. A Federación Española de Baloncesto emitirá o correspondente certificado que acredite a posesión do mérito deportivo establecido.

4. Para a superación da proba de carácter específico será necesaria a avaliación positiva na totalidade dos criterios de avaliación descritos nela.

Artigo 20. Efectos e vixencia da proba de acceso de carácter específico

1. A superación da proba de carácter específico, que se establece para o acceso ao ciclo inicial de grao medio en Baloncesto, terá efectos en todo o territorio nacional.

2. A superación da proba de carácter específico, que se establece no anexo VII, terá unha vixencia de 18 meses, contados a partir da data da súa finalización.

Artigo 21. Exención da superación da proba de carácter específico aos/as deportistas de alto nivel ou/e alto rendemento

Estarán exentos/as de superar a proba de carácter específico que se establece ou de acreditar o mérito deportivo para ter acceso ao ciclo inicial de grao medio en Baloncesto aqueles/as deportistas que acrediten:

a) A condición de deportista de alto nivel nas condicións que establece o Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento para a modalidade ou especialidade deportiva de baloncesto.

b) A cualificación de deportista de alto rendemento ou equivalente na modalidade de baloncesto, establecida polas comunidades autónomas de acordo coa súa normativa.

c) Ter sido seleccionado/a pola Federación Española de Baloncesto para representar a España, dentro dos dous últimos anos, en polo menos unha competición oficial internacional de categoría absoluta, na modalidade correspondente. Entenderase como competición oficial os campionatos de Europa ou do Mundo en baloncesto.

Artigo 22. Requisitos de acceso de persoas que acrediten diversidade funcional.

As persoas con diversidade funcional poderán acceder ás ensinanzas destes ciclos conforme á disposición adicional terceira do Real decreto 1363/2007, do 24 de



outubro, sendo obriga da consellería competente en materia de educación levar a cabo os axustes razoables para que este acceso non comporte restricións inxustificadas contrarias ao principio de igualdade de oportunidades.

Artigo 23. Composición e perfil do tribunal da proba de carácter específico

1. O tribunal avaliador da proba de carácter específico será nomeado pola dirección xeral competente en materia de educación e deberá estar formado por un mínimo de tres avaliadores/as.

2. Os/as avaliadores/as das probas de carácter específico deberán acreditar, polo menos, a titulación de técnico deportivo superior en Baloncesto.

3. No tribunal avaliador procurarase unha presenza equilibrada de homes e mulleres.

Artigo 24. Funcións do tribunal avaliador da proba de carácter específico

1. O tribunal da proba de carácter específico terá as seguintes funcións:

a) A organización da proba de carácter específico conforme ao especificado no anexo VII.

b) Garantir o correcto desenvolvemento das probas de carácter específico, comprobando que os obxectivos, os contidos e a avaliación dos exercicios que compoñen as probas se ateen ao establecido na súa descrición.

c) Os/as avaliadores/as realizarán a valoración das actuacións dos/das aspirantes/as de conformidade co establecido nos criterios de avaliación dos resultados de aprendizaxe da proba de carácter específico.

d) A avaliación final dos/das aspirantes.

e) Calquera outra que sexa inherente ao desenvolvemento dos seus cometidos.

2. O tribunal, como órgano colexiado, rexerase polo establecido no título II, capítulo II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, aplicable nos seus aspectos básicos, así como polo establecido na sección III, do capítulo I do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

3. No caso de que algunha das persoas aspirantes acredite algún tipo de discapacidade, o tribunal actuará de acordo co disposto na disposición adicional terceira do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro.

CAPÍTULO VI



Profesorado

Artigo 25. Requisitos de titulación do profesorado en centros públicos

Os requisitos de titulación do profesorado en centros públicos determinaranse en función do bloque de ensino deportivo en que vaian impartir docencia:

1. A docencia en centros públicos dos módulos do bloque común que constitúen as ensinanzas deportivas dos ciclos inicial e final de grao medio en Baloncesto corresponde ao profesorado das especialidades dos corpos de funcionarios/as docentes, segundo o establecido no anexo VIII.

2. A docencia en centros públicos dos módulos do bloque específico que constitúen as ensinanzas deportivas dos ciclos inicial e final de grao medio en Baloncesto, está especificada no anexo IX-A, e corresponde a:

a) Profesorado da especialidade de educación física dos corpos de catedráticos/as e de profesores/as de ensino secundario, que posúan o título de técnico deportivo superior en Baloncesto.

b) Profesorado especialista que posúa o título de técnico deportivo superior en Baloncesto, ou aqueles/as non titulados/as que acrediten a experiencia no ámbito laboral e deportivo, ou a experiencia docente, detallada no anexo IX-B.

3. A consellería competente en materia de educación poderá autorizar a docencia dos módulos do bloque específico atribuídos ao profesorado especialista, aos/as integrantes dos corpos de catedráticos/as e profesorado de ensino secundario coa especialidade de educación física, cando carezan do título de técnico deportivo superior en Baloncesto, sempre que posúan a formación deseñada para o efecto ou recoñecida pola devandita consellería, ou a experiencia laboral ou deportiva ou a experiencia docente, detallada no anexo IX-B.

Artigo 26. Requisitos de titulación do profesorado en centros de titularidade privada ou de titularidade pública de administracións distintas á consellería competente en materia de educación

As titulacións requiridas para a impartición dos módulos tanto do bloque común, como do bloque específico que forman os ciclos inicial e final de grao medio en Baloncesto, para o profesorado dos centros de titularidade privada ou de titularidade pública de administracións distintas á consellería competente en materia de educación, concrépanse no anexo X.

CAPÍTULO VII

Vinculación a outros estudos

Artigo 27. Acceso a outros estudos



O título de técnico deportivo en Baloncesto permitirá o acceso directo a todas as modalidades de bacharelato.

Artigo 28. Validación das ensinanzas conducentes á obtención do título de técnico deportivo en Baloncesto

1. En materia de validacións estarase ao disposto no artigo 29.1 do Real decreto 980/2015, do 30 de outubro.

2. A correspondencia dos módulos de ensino deportivo que forman parte do título de técnico deportivo en Baloncesto coas unidades de competencia para a súa acreditación, queda determinada no anexo XI-A.

3. A correspondencia das unidades de competencia cos módulos de ensino deportivo que forman o título de técnico deportivo en Baloncesto para a súa validación ou exención queda determinada no anexo XI-B.

4. As validacións de módulos de ensino deportivo dos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, cos módulos de ensino deportivo do bloque específico do título de técnico deportivo en Baloncesto establécense no anexo XII.

5. Serán obxecto de validación os módulos comúns e específicos de ensino deportivo coa mesma denominación e código.

6. A superación da totalidade dos módulos do bloque común do primeiro ou segundo nivel, en calquera das modalidades ou especialidades deportivas dos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, validarase pola totalidade dos módulos do bloque común do correspondente ciclo inicial ou final de ensino deportivo en Baloncesto. A superación da totalidade dos módulos do bloque común dos ciclos inicial ou final do título de técnico deportivo en Baloncesto, validarase pola totalidade dos módulos do bloque común, do correspondente nivel, dos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

Artigo 29. Exención do módulo de formación práctica

Poderá ser obxecto de exención total ou parcial o módulo de formación práctica dos ciclos inicial e final de grao medio en Baloncesto, en función da súa correspondencia coa experiencia no ámbito deportivo ou laboral, que se detalla no anexo XIII.

Disposición adicional primeira. Oferta a distancia dos módulos de ensino deportivo do título de técnico deportivo en Baloncesto

Os módulos de ensino deportivo que se establecen no anexo XIV, poderán ofertarse a distancia, sempre que se garanta que o/a alumno/a poida conseguir os seus resultados de aprendizaxe, de acordo co disposto no decreto. Para iso, a



consellería competente en materia de educación, no ámbito das súas competencias, adoptará as medidas que considere necesarias e ditará as instrucións precisas.

Disposición adicional segunda. *Clave identificativa dos certificados de superación do ciclo inicial*

A clave identificativa dos certificados oficiais acreditativos da superación do ciclo inicial de grao medio en Baloncesto á que fai referencia o artigo 15.4 do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, incluirá:

- a) Certificación académica oficial: CA.
- b) Díxito da comunidade autónoma: 11.
- c) Díxitos de modalidade deportiva: BCBC.

Disposición adicional terceira. *Titulacións equivalentes*

1. O título de técnico deportivo en Baloncesto, establecido no Decreto 36/2009, do 29 de xaneiro, polo que se establece o currículo das ensinanzas de técnico deportivo e técnico deportivo superior en Baloncesto, terá os mesmos efectos profesionais e académicos que o título de técnico deportivo en Baloncesto establecido neste decreto.

2. O certificado de superación do primeiro nivel establecido no Decreto 36/2009, do 29 de xaneiro, terá os mesmos efectos profesionais e académicos que o ciclo inicial de grao medio en Baloncesto regulado neste decreto.

Disposición adicional cuarta. *Medidas de apoio ao profesorado*

A consellería competente en materia de educación considerará medidas de apoio ao profesorado, especialmente na formación permanente e na investigación e innovación nesta etapa educativa, para contribuír ao mellor desenvolvemento e aplicación do currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de técnico deportivo en Baloncesto.

Disposición adicional quinta. *Mobilidade do alumnado*

De acordo coa previsión contida no artigo 35.3 do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, a ordenación académica dos ciclos das ensinanzas deportivas posibilitará a opción de matriculación en réxime presencial ou a distancia do alumnado que superase algún módulo deportivo noutra comunidade autónoma e non esgotase o número de convocatorias establecido, para o que poderá realizar matrícula parcial nos módulos que teñan pendentes.

Disposición adicional sexta. *Non regulación de profesión titulada*

De conformidade co establecido no Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro,



polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, os elementos recollidos no decreto non constitúen unha regulación do exercicio de profesión titulada ningunha.

Disposición transitoria primeira. Aplicabilidade doutras normas

O Decreto 36/2009, do 29 de xaneiro, polo que se establece o currículo das ensinanzas de técnico deportivo e técnico deportivo superior en Baloncesto, permanecerá vixente para o título de técnico deportivo superior ata que non se estableza pola Comunidade Autónoma de Galicia o currículo do ciclo de grao superior en Baloncesto, en desenvolvemento do Real decreto 982/2015, do 30 de outubro, polo que se establece o título de técnico deportivo superior en Baloncesto e se fixan o seu currículo básico e os requisitos de acceso.

Disposición transitoria segunda. Acceso ao ciclo inicial de grao medio

1. Segundo o Real decreto 980/2015, do 30 de outubro, durante os tres cursos académicos seguintes ao da súa implantación, estarán exentos da realización de proba de carácter específico ou de acreditar o mérito deportivo, establecidos no artigo 20, aqueles/as que acrediten a súa experiencia como adestradores/as de equipos participantes en competicións oficiais organizadas polas federacións deportivas autonómicas ou española de baloncesto das categorías de minibasket e infantil pasarela. Esta experiencia debe ser de polo menos dúas tempadas, e ter sido adquirida con anterioridade á data de entrada en vigor do devandito real decreto.

2. A Federación Española de Baloncesto emitirá o correspondente certificado que acredite a experiencia deportiva.

Disposición derogatoria única. Derogación de normas

1. Queda derogado o Decreto 36/2009, do 29 de xaneiro, polo que se establece o currículo das ensinanzas de técnico deportivo e técnico deportivo superior en Baloncesto.

2. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste decreto.

Disposición derradeira primeira. Modificación do Decreto 135/2012, do 31 de maio, polo que se establece o currículo das ensinanzas de técnico deportivo en Vela con Aparello Fixo e técnico deportivo en Vela con Aparello Libre

O Decreto 135/2012, do 31 de maio, polo que se establece o currículo das ensinanzas de técnico deportivo en Vela con Aparello Fixo e técnico deportivo en Vela con Aparello Libre, queda modificado nos seguintes termos:

1. O título do anexo XI queda redactado do seguinte modo:

«Requisitos da titulación do profesorado dos módulos de ensinanza deportiva dos



ciclos inicial e final de grao medio, en centros privados e de titularidade pública de administracións distintas á educativa».

2. As filas do anexo XI relacionadas cos módulos comúns de ensino deportivo: MED-C101. Bases do comportamento deportivo, MED-C102. Primeiros auxilios, MED-C103. Actividade física adaptada e discapacidade, MED-C201. Bases da aprendizaxe deportiva e MED-C205. Xénero e deporte, quedan modificadas como segue:

Módulo común de ensino deportivo	Titulacións
MED-C101. Bases do comportamento deportivo.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Licenciado/a ou graduado/a en Psicoloxía. Mestre/a especialista en Educación Física. Título de grao que habilite para o exercicio da profesión de mestre/a en Educación Primaria que inclúa unha mención en Educación Física.
MED-C102. Primeiros auxilios.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Licenciado/a ou graduado/a en Medicina. Diplomado/a ou graduado/a en Enfermaría. Diplomado/a ou graduado/a en Fisioterapia.
MED-C103. Actividade física adaptada e discapacidade.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Mestre/a especialista en Educación Física. Título de grao que habilite para o exercicio da profesión de mestre/a en Educación Primaria que inclúa unha mención en Educación Física.
MED-C201. Bases da aprendizaxe deportiva.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Licenciado/a ou graduado/a en Psicoloxía. Mestre/a especialista en Educación Física. Título de grao que habilite para o exercicio da profesión de mestre/a en Educación Primaria que inclúa unha mención en Educación Física.
MED-C205. Xénero e deporte.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Mestre/a especialista en Educación Física. Título de grao que habilite para o exercicio da profesión de mestre/a en Educación Primaria que inclúa unha mención en Educación Física.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Decreto 73/2013, do 18 de abril, polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de técnico deportivo en Mergullo Deportivo con Escafandro Autónomo*

O Decreto 73/2013, do 18 de abril, polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de técnico deportivo en



Mergullo Deportivo con Escafandro Autónomo, queda modificado nos seguintes termos:

1. O título do anexo X queda redactado do seguinte modo:

«Requisitos da titulación do profesorado dos módulos de ensinanza deportiva dos ciclos inicial e final de grao medio, en centros privados e de titularidade pública de administracións distintas á educativa».

2. As filas do anexo X relacionadas cos módulos comúns de ensino deportivo: MED-C101. Bases do comportamento deportivo, MED-C102. Primeiros auxilios, MED-C103. Actividade física adaptada e discapacidade, MED-C201. Bases da aprendizaxe deportiva e MED-C205. Xénero e deporte, quedan modificadas como segue:

Módulo común de ensino deportivo	Titulacións
MED-C101. Bases do comportamento deportivo.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Licenciado/a ou graduado/a en Psicoloxía. Mestre/a especialista en Educación Física. Título de grao que habilite para o exercicio da profesión de mestre/a en Educación Primaria que inclúa unha mención en Educación Física.
MED-C102. Primeiros auxilios.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Licenciado/a ou graduado/a en Medicina. Diplomado/a ou graduado/a en Enfermaría. Diplomado/a ou graduado/a en Fisioterapia.
MED-C103. Actividade física adaptada e discapacidade.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Mestre/a especialista en Educación Física. Título de grao que habilite para o exercicio da profesión de mestre/a en Educación Primaria que inclúa unha mención en Educación Física.
MED-C201. Bases da aprendizaxe deportiva.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Licenciado/a ou graduado/a en Psicoloxía. Mestre/a especialista en Educación Física. Título de grao que habilite para o exercicio da profesión de mestre/a en Educación Primaria que inclúa unha mención en Educación Física.
MED-C205. Xénero e deporte.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Mestre/a especialista en Educación Física. Título de grao que habilite para o exercicio da profesión de mestre/a en Educación Primaria que inclúa unha mención en Educación Física.

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Decreto 64/2015, do 16 de abril,*



polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de técnico deportivo en Salvamento e Socorrismo

O Decreto 64/2015, do 16 de abril, polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de técnico deportivo en Salvamento e Socorrismo, queda modificado nos seguintes termos:

1. O título do anexo X queda redactado do seguinte modo:

«Requisitos da titulación do profesorado dos módulos de ensinanza deportiva dos ciclos inicial e final de grao medio, en centros privados e de titularidade pública de administracións distintas á educativa».

2. As filas do anexo X relacionadas cos módulos comúns de ensino deportivo: MED-C101. Bases do comportamento deportivo, MED-C102. Primeiros auxilios, MED-C103. Actividade física adaptada e discapacidade, MED-C201. Bases da aprendizaxe deportiva e MED-C205. Xénero e deporte, quedan modificadas como sigue:

Módulo común de ensino deportivo	Titulacións
MED-C101. Bases do comportamento deportivo.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Licenciado/a ou graduado/a en Psicoloxía. Mestre/a especialista en Educación Física. Título de grao que habilite para o exercicio da profesión de mestre/a en Educación Primaria que inclúa unha mención en Educación Física.
MED-C102. Primeiros auxilios.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Licenciado/a ou graduado/a en Medicina. Diplomado/a ou graduado/a en Enfermaría. Diplomado/a ou graduado/a en Fisioterapia.
MED-C103. Actividade física adaptada e discapacidade.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Mestre/a especialista en Educación Física. Título de grao que habilite para o exercicio da profesión de mestre/a en Educación Primaria que inclúa unha mención en Educación Física.
MED-C201. Bases da aprendizaxe deportiva.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Licenciado/a ou graduado/a en Psicoloxía. Mestre/a especialista en Educación Física. Título de grao que habilite para o exercicio da profesión de mestre/a en Educación Primaria que inclúa unha mención en Educación Física.



MED-C205. Xénero e deporte.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Mestre/a especialista en Educación Física. Título de grao que habilite para o exercicio da profesión de mestre/a en Educación Primaria que inclúa unha mención en Educación Física.
-----------------------------	--

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación para o desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de educación, no relativo á organización e materias propias do seu departamento, para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento do decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela... de..... de....

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



ANEXO I

Distribución horaria

Ciclo inicial de grao medio en Baloncesto

	Carga horaria	
RAE-BCBC101	105 h	
	Carga horaria	
Bloque común	Teóricas	Prácticas
MED-C101. Bases do comportamento deportivo.	15 h	5 h
MED-C102. Primeiros auxilios.	20 h	10 h
MED-C103. Actividade física adaptada e discapacidade.	5 h	--
MED-C104. Organización deportiva.	5 h	--
Total	60	
	Carga horaria	
Bloque específico	Teóricas	Prácticas
MED-BCBC102. Formación do/a xogador/a en etapas iniciais.	25 h	20 h
MED-BCBC103. Dirección de equipos en etapas iniciais.	15 h	5 h
MED-BCBC104. Ensino do baloncesto.	10 h	20 h
MED-BCBC105. Táctica de ataque e defensa en etapas iniciais.	15 h	5 h
MED-BCBC106. Formación práctica.	150 h	
Total	265	
Total ciclo inicial (RAE-BCBC101 + BC + BE)	430	

Ciclo final de grao medio en Baloncesto

	Carga horaria	
Bloque común	Teóricas	Prácticas
MED-C201. Bases da aprendizaxe deportiva.	40 h	5 h
MED-C202. Bases do adestramento deportivo.	55 h	10 h
MED-C203. Deporte adaptado e discapacidade.	20 h	--
MED-C204. Organización e lexislación deportiva.	20 h	--
MED-C205. Xénero e deporte.	10 h	--
Total	160	
	Carga horaria	
Bloque específico	Teóricas	Prácticas
MED-BCBC201. Formación do/a xogador/a na etapa de tecnificación.	30 h	45 h
MED-BCBC202. Dirección de equipos na etapa de tecnificación.	20 h	15 h
MED-BCBC203. Adestramento en baloncesto.	15 h	35 h
MED-BCBC204. Táctica de ataque e defensa na etapa de tecnificación.	20 h	20 h
MED-BCBC205. Iniciación en baloncesto en cadeira de rodas.	15 h	---
MED-BCBC206. Formación práctica.	200 h	
Total	415	
Total ciclo final (BC + BE)	575	

ANEXO II

Obxectivos xerais e módulos de ensino deportivo do ciclo inicial de grao medio en Baloncesto



Obxectivos xerais

a) Executar técnicas básicas propias deste nivel, coa seguridade suficiente e tomando conciencia do realizado, para servir de modelo no proceso de ensino-aprendizaxe da iniciación ao baloncesto.

b) Establecer e transmitir a información sobre a actividade e recoller a información sobre os/as participantes, analizando as características da información e aplicando procedementos establecidos, para atender e motivar o/a deportista.

c) Analizar a execución técnica no nivel de iniciación, utilizando procedementos establecidos e comparando a execución técnica cos estándares propios da iniciación en baloncesto para valorar a súa execución, determinar o seu nivel e concretar o agrupamento dos/das deportistas.

d) Interpretar e adaptar a programación de referencia e a organización da sesión, utilizando criterios de elección e temporalización das tarefas, discriminando a información sobre as características do grupo e as condicións materiais existentes, para concretar a sesión de ensino-aprendizaxe da iniciación ao baloncesto.

e) Elixir e demostrar as técnicas de dirección e procedementos de control das continxencias, aplicando instrumentos de observación e control e resolvendo supostos, para dinamizar sesións de ensino-aprendizaxe de iniciación ao baloncesto.

f) Identificar as condicións de seguridade das instalacións e medios propios da iniciación deportiva, aplicando procedementos establecidos e a normativa vixente, para controlar a seguridade na práctica.

g) Describir, preparar e executar os primeiros auxilios, identificando as características dos supostos e aplicando os protocolos establecidos, para asistir como primeiro/a interveniente en caso de accidente ou situación de emerxencia.

h) Identificar as características das competicións e eventos propios da iniciación deportiva, analizando o regulamento e as bases de competición para seleccionar os/as deportistas en función do seu nivel e características.

i) Identificar e describir os procesos de inscrición e acompañamento dos/das deportistas así como os aspectos técnicos e tácticos da competición e eventos propios da iniciación deportiva, analizando supostos, aplicando os procedementos establecidos e tendo en conta o regulamento, para acompañar e dirixir os/as deportistas en competicións de nivel de iniciación.

j) Identificar e describir as características organizativas das competicións e eventos propios da iniciación deportiva, enumerando os medios materiais e humanos necesarios, para colaborar e intervir na organización e xestión deste tipo de actos.

k) Identificar e describir as variables que interveñen no desenvolvemento da actividade, aplicando os procedementos establecidos e clasificando a información



obtida, para valorar o desenvolvemento da sesión de iniciación e o acompañamento en baloncesto e axustar o proceso de ensino-aprendizaxe.

l) Identificar e describir as características do proceso de adquisición de valores e actitudes, sendo consciente e argumentando os efectos que provocan nos/nas deportistas, para transmitir valores propios da actividade deportiva a través do comportamento ético persoal.

m) Recoñecer e promover os valores de compromiso, traballo ben feito e aprendizaxe constante, describindo as actitudes que reflicten estes valores, para manter o espírito de responsabilidade individual, esforzo persoal e innovación no desempeño do seu labor como persoal técnico.

n) Identificar e describir os principios que fundamentan o traballo en equipo, sendo consciente da importancia do liderado e a comunicación, para manter a iniciativa e autonomía dentro do grupo de traballo.

Módulo común de ensino deportivo: Bases do comportamento deportivo

Código: MED-C101

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Identifica as características motrices, psicolóxicas, afectivas e sociais das persoas, relacionándoas cos estadios madurativos da infancia.

a) Describíronse diferentes estadios madurativos da infancia, identificando as particularidades de cada un.

b) Aplicáronse técnicas elementais de recollida de información para a obtención de datos relevantes da persoa.

c) Identificáronse os intereses e as motivacións características das persoas na etapa da infancia.

d) Describíronse as características dos rapaces e das rapazas a nivel motriz e psicolóxico na primeira etapa do proceso de aprendizaxe motora.

e) Demostrouse interese por respectar o desenvolvemento natural e saudable do/da deportista acorde co seu estadio madurativo.

f) Valorouse a importancia de que a persoa conte con diversidade e variabilidade de experiencias físico-deportivas nestes estadios e de evitar unha especialización precoz.

2. Atende o/a deportista describindo e aplicando diferentes técnicas de comunicación e motivación.



a) Identificáronse as diferentes técnicas de comunicación, verbal e non verbal, que poden utilizarse tendo en conta o contexto deportivo.

b) Elixíronse as técnicas de comunicación, así como a disposición espacial do material e do alumnado, máis oportunas no intercambio de información.

c) Identificáronse diferentes formas de captar a información e de tomar unha decisión a partir dela.

d) Identificáronse as principais barreiras e interferencias que dificultan a comunicación.

e) Valorouse a importancia de contar con habilidades comunicativas e sociais nas relacións interpersoais.

f) Valorouse a importancia de utilizar unha linguaxe que respecte a equidade dos distintos sexos.

g) Empregáronse técnicas e estratexias comunicativas na presentación das tarefas propostas, logrando unha maior participación e motivación nelas.

h) Valorouse a importancia de manter a motivación e a satisfacción de todas as persoas como elemento clave para a súa fidelización coa práctica deportiva e a prevención do abandono en etapas posteriores.

i) Demostrouse interese por valorar o proceso de aprendizaxe por riba do resultado obtido.

j) Valorouse a autonomía, a espontaneidade e a creatividade dos/das deportistas mozos/as na iniciación deportiva.

3. Conduce o grupo seleccionando e aplicando dinámicas de grupo e estratexias para a resolución de conflitos, en función das características do contexto.

a) Describíronse as características fundamentais do grupo na iniciación deportiva, atendendo especialmente a factores de relación social e de xénero.

b) Describíronse as principais fontes de conflito na sesión, tanto individuais como de grupo.

c) Aplicáronse estratexias de recollida de información que permitan coñecer mellor ao grupo.

d) Aplicáronse dinámicas de grupo baseadas na aprendizaxe cooperativa e o traballo en equipo.

e) Utilizáronse estratexias de resolución de conflitos no grupo, promovendo e transmitindo valores de respecto, sinceridade, empatía, compromiso e igualdade de



xénero.

f) Valorouse a importancia dunha actitude tolerante e de empatía para conseguir a confianza do grupo.

g) Demostrouse interese por respectar os intereses das persoas, evitando os prexuízos e valorando os elementos de diferenciación individuais tales como: emocións, sentimentos, personalidade, sexo, características morfolóxicas, orixe cultural, clase social, etc.

h) Describíronse aqueles aspectos do ámbito familiar e do contexto social que exercen unha influencia positiva ou negativa na iniciación deportiva de rapaces e rapazas.

i) Aplicáronse estratexias e técnicas adecuadas para corrixir actitudes negativas do ámbito familiar ou do contexto social na iniciación deportiva.

j) Analizouse a importancia dos valores positivos da familia e do contexto social na práctica deportiva.

4. Transmite valores persoais e sociais aplicando as técnicas axeitadas e reflexionando sobre as propias actitudes e comportamentos.

a) Describíronse os valores persoais e sociais que se poden transmitir a través do deporte.

b) Valorouse a importancia de ser un modelo ético de referencia para os/as deportistas durante a iniciación deportiva.

c) Reflexionouse sobre os propios prexuízos e estereotipos, incluídos os de xénero.

d) Demostrouse interese por educar ética e moralmente a través do deporte.

e) Identificáronse e describíronse estratexias de transmisión de valores persoais e sociais a través do deporte.

f) Identificáronse estratexias de fomento da coeducación.

g) Valorouse a importancia do respecto do xogo limpo, dun mesmo, ás demais persoas e ao contorno durante a práctica deportiva.

h) Valorouse a importancia de defender e manter o carácter lúdico da práctica deportiva.

Contidos básicos

1. Identifica as características motrices, psicolóxicas, afectivas e sociais das



persoas, relacionándoas cos estadios madurativos da infancia.

- Desenvolvemento persoal dos rapaces e das rapazas na iniciación deportiva.
 - Crecemento, maduración e desenvolvemento.
 - Patróns motores básicos na infancia.
 - Características motrices, psicolóxicas, afectivas e sociais dos rapaces e das rapazas.
- Técnicas elementais de recollida de información a partir da teoría do procesamento da información.
- A actividade físico-deportiva nos estadios madurativos da infancia.
- A iniciación deportiva.
- Diversidade e variabilidade de experiencias deportivas na iniciación e os seus efectos positivos sobre o desenvolvemento motor.
- Respecto dos estadios madurativos e as diferenzas interindividuais e intraindividuais.

2. Atende o/a deportista describindo e aplicando diferentes técnicas de comunicación e motivación.

- Motivacións e actitudes propias da infancia ante a práctica deportiva.
 - Motivacións intrínsecas e extrínsecas.
 - A teoría de metas de logro.
 - Principais motivos de abandono en deportistas mozos/as. A trascendentalización competitiva.
 - Estratexias para fomentar a participación, a motivación e a satisfacción, como elementos clave para a fidelización deportiva, atendendo ás diferenzas de xénero.
 - Valoración do proceso de aprendizaxe por riba do resultado deportivo.
 - Valoración da actitude do alumnado (dos/das deportistas) por riba da súa aptitude.
- Proceso de comunicación. Elementos, tipos e dificultades.
 - Técnicas de comunicación: verbal e non verbal.



- Valoración comunicativa do contexto: elementos facilitadores e obstáculos e inhibidores no proceso de comunicación.
- Disposición do espazo e do alumnado para a mellora da comunicación na sesión deportiva.
- Información inicial e retroalimentación (retroacción) na sesión deportiva.
- Habilidades comunicativas, persoais e sociais, nas relacións interpersoais.
- Uso non sexista da linguaxe.

3. Conduce o grupo seleccionando e aplicando dinámicas de grupo e estratexias para a resolución de conflitos, en función das características do contexto.

- Fontes de conflito no grupo deportivo.
 - Falta de confianza mutua.
 - Competitividade e liderado.
 - Discriminación: por razóns de xénero, de capacidade, actitudes xenófobas, etc.
 - Diverxencia de intereses individuais en rapaces e en rapazas.
- A dinámica de grupos na iniciación deportiva e a súa importancia.
 - Condución de dinámicas orientadas á valoración sociolóxica do grupo.
 - Dinámicas de presentación e coñecemento do grupo.
 - Técnicas sociométricas.
- Condución de dinámicas de grupo orientadas ao traballo cooperativo e á resolución de conflitos.
 - Dinámicas de autocoñecemento para a afirmación persoal e a autoconfianza.
 - Dinámicas socioafectivas para crear confianza mutua.
 - Dinámicas de traballo en equipo.
 - De responsabilidade de grupo.
 - De toma de decisións por consenso.
 - De eficiencia no traballo en grupo.



- Dinámicas de resolución de conflitos en pequenos grupos, para:
 - A identificación do problema.
 - A solución do problema.
 - Modelos de intervención do persoal técnico nos grupos de iniciación deportiva:
 - Modelo autoritario.
 - Modelo permisivo.
 - Modelo democrático.
 - Actitudes e influencia do contexto familiar na iniciación deportiva.
 - Contextos familiares que exercen unha influencia positiva na iniciación deportiva dos rapaces e das rapazas.
 - Condutas e actitudes negativas máis frecuentes protagonizadas por familiares na iniciación deportiva:
 - Excesiva presión competitiva sobre os/as fillos/as.
 - Comportamentos e actitudes agresivas e violentas.
 - Interferencias co persoal técnico deportivo.
 - Estratexias de intervención no ámbito familiar durante a iniciación deportiva. A entrevista cos/coas responsables legais do/da deportista.
4. Transmite valores persoais e sociais aplicando as técnicas axeitadas e reflexionando sobre as propias actitudes e comportamentos.
- O deporte como transmisor de valores persoais e sociais tanto positivos como negativos.
 - A responsabilidade do persoal técnico deportivo na transmisión de valores éticos no deporte e en evitar os contravalores.
 - Superación da idea de bondade natural do deporte en canto á transmisión de valores éticos.
 - Condutas inmorais máis frecuentes na práctica deportiva.
 - Xogo limpo e deportividade (condutas éticas na práctica deportiva).



- Técnicas e estratexias para o desenvolvemento de valores no deporte: reflexión, establecemento de normas consensuadas, desenvolvemento do xuízo moral, autocontrol da conduta, análise, desenvolvemento da empatía e comprensión crítica de temas eticamente relevantes e encontros de grupo.
- Autoavaliación e reflexión dos propios prexuízos e estereotipos persoais, incluída os de xénero.

Módulo común de ensino deportivo: Primeiros auxilios

Código: MED-C102

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Realiza unha valoración inicial aplicando técnicas de valoración segundo protocolos establecidos e relacionándoos cos principios de anatomía e fisioloxía.

- a) Identificáronse e tomáronse as constantes vitais.
- b) Identificáronse e describíronse os protocolos de valoración a seguir en cada caso.
- c) Identificáronse e describíronse as lesións óseas e articulares, así como os síntomas e mecanismos de produción.
- d) Identificáronse e describíronse as lesións musculares e tendinosas, así como os síntomas e mecanismos de produción.
- e) Identificáronse e describíronse os diferentes tipos de traumatismos.
- f) Describíronse as bases anatomofisiolóxicas dos primeiros auxilios.
- g) Identificáronse e describíronse as lesións provocadas por outros axentes externos (frío, calor, axentes químicos e biolóxicos), así como os síntomas e mecanismos de produción.
- h) Utilizouse a terminoloxía médico-sanitaria elemental relacionada cos primeiros auxilios.
- i) Identificouse a secuencia de actuación segundo o protocolo establecido polo Comité de coordinación internacional sobre a resucitación (ILCOR).

2. Aplica as técnicas de primeiros auxilios relacionando o tipo de lesión co protocolo establecido en cada caso.

- a) Aplicáronse técnicas de primeiros auxilios axeitadas aos diferentes tipos de lesión.



b) Identificáronse e describíronse os protocolos de primeiros auxilios e inmovilización a seguir segundo a lesión.

c) Identificáronse os medios materiais de aplicación de primeiros auxilios (caixa de primeiros auxilios e outros).

d) Describíronse as repercusións dunha incorrecta aplicación das técnicas de primeiros auxilios e do traslado da persoa accidentada.

e) Aplicáronse técnicas de inmovilización para o traslado da persoa accidentada.

3. Aplica técnicas de soporte vital identificando a súa instrumentación e describindo as súas fases segundo o protocolo básico establecido.

a) Detallouse a instrumentación básica para o soporte vital recoñecendo as súas partes e mecanismos de funcionamento.

b) Describíronse os fundamentos de resucitación cardiopulmonar básica.

c) Aplicáronse técnicas de apertura das vías aéreas.

d) Aplicáronse técnicas de soporte ventilatorio.

e) Aplicáronse técnicas de soporte circulatorio.

f) Realizouse desfibrilación externa semiautomática (DESA).

g) Aplicáronse medidas de posreanimación.

h) Recoñecéronse aquelas situacións nas que se desaconsella a intervención e posterior evacuación detallando as súas características.

i) Valorouse a importancia de aplicar con precisión os protocolos establecidos.

4. Aplica técnicas de autocontrol e de apoio psicológico á persoa accidentada e a acompañantes, describindo e aplicando as estratexias de comunicación máis axeitadas.

a) Describíronse e aplicáronse técnicas básicas de apoio psicológico.

b) Describíronse e aplicáronse técnicas básicas de autocontrol.

c) Aplicáronse estratexias básicas de comunicación en situacións de prestación de primeiros auxilios.

d) Describíronse os posibles estados emocionais das persoas accidentadas.

e) Valorouse a importancia de autocontrolarse ante situacións de estrés.



f) Descríbóronse os factores que predispoñen para a ansiedade en situacións de accidente ou emerxencias.

g) Descríbóronse e aplicáronse técnicas a empregar para controlar situacións de tensión ambiental.

5. Aplica técnicas para o control do contorno relacionándoo cos protocolos establecidos e a organización do sistema de emerxencias.

a) Determináronse as distintas técnicas que se poden utilizar cando o contorno xera determinados niveis de risco.

b) Descríbóronse os protocolos de actuación oportunos para establecer un contorno seguro e emocionalmente estable.

c) Determináronse as distintas técnicas a utilizar en relación ao risco do contorno.

d) Aplicáronse normas e protocolos de seguridade e de autoprotección persoal.

e) Definíronse os conceptos de urxencia, emerxencia e catástrofe.

f) Describiuse a organización dos sistemas de emerxencia.

Contidos básicos

1. Realiza unha valoración inicial aplicando técnicas de valoración segundo protocolos establecidos e relacionándoos cos principios de anatomía e fisioloxía.

- Signos e síntomas de urxencia.
- Valoración do nivel de consciencia.
- Toma de constantes vitais.
- Protocolos de exploración elementais.
- Terminoloxía médico-sanitaria en primeiros auxilios.
- Protocolo de transmisión da información.
- Signos de compromiso vital na persoa adulta, neno ou nena e lactante.
- Métodos e materiais de protección da zona.

• Bases anatomofisiolóxicas relacionadas cos primeiros auxilios: ósos, articulacións e músculos (concepto, características, clasificación e localización a nivel básico/elemental).



- Valoración básica en lesións por traumatismos e por axentes físicos, químicos e biolóxicos.

- Valoración básica ante patoloxía orgánica de urxencia.

2. Aplica as técnicas de primeiros auxilios relacionando o tipo de lesión co protocolo establecido en cada caso.

- Caixa de primeiros auxilios.
- Aplicación dos primeiros auxilios.
- Seguridade na aplicación das técnicas utilizadas.
- Aplicación de procedementos de inmovilización e mobilización.

3. Aplica técnicas de soporte vital identificando a súa instrumentación e describindo as súas fases segundo o protocolo básico establecido.

- Control da permeabilidade das vías aéreas.
- Resucitación cardiopulmonar básica.
- Desfibrilación externa semiautomática (DESA).
- Valoración básica da persoa accidentada.
- Atención inicial en lesións por axentes físicos (traumatismos, calor ou frío, electricidade e radiacións).
- Atención inicial en lesións por axentes químicos e biolóxicos.
- Atención inicial en patoloxía orgánica de urxencia.
- Actuación limitada no marco das súas competencias.

4. Aplica técnicas de autocontrol e de apoio psicológico á persoa accidentada e a acompañantes, describindo e aplicando as estratexias de comunicación máis axeitadas.

- Apoio psicológico a pacientes.
- Primeiros auxilios psicológicos. Comportamento da poboación ante unha catástrofe.
- Estratexias básicas de comunicación.
- Valoración do papel do/da primeiro/a interveniente.



- Técnicas facilitadoras da comunicación interpersonal.
- Factores que predispoñen a ansiedade en situacións de accidente ou emerxencia.

5. Aplica técnicas para o control do contorno relacionándoo cos protocolos establecidos e a organización do sistema de emerxencias.

- Sistemas de emerxencias.
- Obxectivos e límites dos primeiros auxilios.
- Marco legal, responsabilidade e ética profesional.
- Normas e protocolos de seguridade e de autoprotección persoal.
- Técnicas de primeiros auxilios en relación ao risco do contorno.
- Protocolos de alerta.

Módulo común de ensino deportivo: Actividade física adaptada e discapacidade

Código: MED-C103

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Identifica as principais discapacidades describindo as súas características básicas e relacionándoas coa práctica deportiva.

a) Describíronse as principais causas da discapacidade física, intelectual e sensorial.

b) Determináronse os beneficios que xera a práctica de actividades físicas adaptadas nas persoas con discapacidade.

c) Recoñecéronse as limitacións na práctica e os condicionantes fundamentais segundo o tipo de discapacidade.

d) Valorouse a vivencia persoal do que supón a discapacidade en situacións simuladas, usando contornos restritivos a nivel perceptivo, decisional e motriz.

e) Describíronse as posibilidades das axudas técnicas básicas segundo a discapacidade.

f) Aplicáronse procedementos básicos de identificación e recoñecemento da discapacidade mediante a observación das características morfolóxicas e funcionais do/da deportista.



g) Valorouse a importancia do recoñecemento das capacidades do/da deportista, máis alá das limitacións que poida presentar pola súa discapacidade.

h) Identificáronse os principais programas de iniciación deportiva dirixidos ás persoas con discapacidade.

2. Informa as persoas con discapacidade sobre as prácticas deportivas, describindo as técnicas de comunicación específicas e identificando as limitacións que poden presentarse na súa iniciación.

a) Describiuse a terminoloxía máis actual en relación ás persoas con discapacidade.

b) Aplicáronse técnicas de recollida de información acerca dos intereses, capacidades, experiencias previas e motivacións das persoas con discapacidade cara á práctica deportiva.

c) Demostrouse interese por non prexulgar as persoas, respectando os seus elementos únicos e de diferenciación: emocións, sentimentos, personalidade, etc.

d) Determináronse e aplicáronse criterios de adaptación das técnicas de comunicación para as principais discapacidades.

e) Describíronse as principais posibilidades de práctica e deportes adaptados segundo o tipo de discapacidade.

f) Valorouse a importancia da participación activa das persoas con discapacidade en contornos/contextos deportivos normalizados.

Contidos básicos

1. Identifica as principais discapacidades describindo as súas características básicas e relacionándoas coa práctica deportiva.

- Características básicas das principais discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas.

- Recoñecemento da discapacidade mediante procedementos básicos de observación das características morfolóxicas e funcionais do/da deportista.

- Valoración das posibilidades individuais, máis alá das limitacións a presentar segundo a discapacidade.

- Condicionantes derivados dun tipo de discapacidade para a práctica físico-deportiva.

- Recoñecemento e uso fundamental do material deportivo específico e as axudas técnicas básicas.



- Beneficios da práctica deportiva para persoas con discapacidade.
- Os programas de iniciación e difusión da práctica deportiva para persoas con discapacidade.
- A vivencia persoal en situacións de práctica restritivas simulando a discapacidade.

2. Informa as persoas con discapacidade sobre as prácticas deportivas, describindo as técnicas de comunicación específicas e identificando as limitacións que poden presentarse na súa iniciación.

- Toma de conciencia dos sentimentos e actitudes cara a persoas con discapacidade.
- Terminoloxía básica en relación á saúde e a discapacidade.
- Aplicación de técnicas básicas de recollida de información en relación ás características dos/das deportistas con discapacidade.
- Recoñecemento e aplicación de técnicas de comunicación concretas segundo a discapacidade.
- Métodos de comunicación alternativa respecto de persoas con discapacidade.
- Aplicación de exemplos de inclusión deportiva de persoas con discapacidade en contornos normalizados.
- Os principais deportes adaptados.
- A importancia da práctica deportiva para a autonomía persoal e integración social de persoas con discapacidade.
- A identificación dos propios prexuízos previos á práctica respecto de persoas con discapacidade.

Módulo común de ensino deportivo: Organización deportiva

Código: MED-C104

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Identifica a organización deportiva local e autonómica relacionándoa coa estrutura administrativa e as súas competencias básicas.

a) Describíronse as formas de organización a nivel local e autonómico en referencia ao ámbito deportivo.



b) Descríbóronse as principais competencias e programas das organizacións deportivas locais e autonómicas.

c) Utilizáronse as fontes de información dispoñibles que fan referencia á normativa xurídica deportiva.

d) Utilizouse unha terminoloxía básica axeitada ás estruturas das organizacións deportivas locais e autonómicas, así como da normativa deportiva.

2. Concreta a estrutura do asociacionismo deportivo identificando os seus elementos e organización.

a) Descríbóronse as competencias, funcións e formas de organización das federacións deportivas autonómicas.

b) Descríbóronse as formas de asociacionismo deportivo a nivel local e autonómico.

c) Identificáronse as características do asociacionismo deportivo.

d) Descríbóronse as vías de apoio ao asociacionismo deportivo por parte da administración local e autonómica.

e) Cubriuse a documentación básica para a busca de apoios ao asociacionismo deportivo e describíronse os procedementos que a dita documentación debe seguir.

f) Valorouse a importancia que ten o apoio institucional ao desenvolvemento do asociacionismo deportivo, e a potenciación do asociacionismo feminino como medio de promoción da práctica da actividade físico-deportiva nas mulleres.

Contidos básicos

1. Identifica a organización deportiva local e autonómica relacionándoa coa estrutura administrativa e as súas competencias básicas.

- A lexislación básica do Estado e da comunidade autónoma.
 - O marco competencial do deporte no ámbito local e autonómico.
 - Interpretación da lexislación deportiva básica: obxectivo e rango da norma.
- Estrutura administrativa e organizativa do deporte.
 - Estrutura autonómica do deporte.
 - Identificación das características esenciais das diferentes estruturas deportivas no ámbito local de servizos e padroados municipais, sociedades públicas, organismos de deputacións, clubs, asociacións, entre outras.



- Aceptación da organización deportiva autonómica e local.
- As fontes de información en normativa xurídica deportiva.
 - A terminoloxía básica en normativa deportiva.
 - As publicacións oficiais que reflicten a normativa xurídica deportiva.

2. Concreta a estrutura do asociacionismo deportivo identificando os seus elementos e organización.

- As federacións deportivas autonómicas: competencias, funcións e estrutura organizativa.

- Tipos de clubs e asociacións deportivas, e a súa importancia no asociacionismo deportivo.

- Asociacionismo deportivo feminino. Presenza das mulleres na organización deportiva.

- As vías de apoio ao asociacionismo deportivo:
 - Administración local e autonómica: tipos e formas de axuda.
 - As vías de apoio ao asociacionismo deportivo.
 - Procedementos para a xestión de apoios ao asociacionismo deportivo.
 - Na administración local.
 - Na administración autonómica.

Módulo específico de ensino deportivo: Formación do/da xogador/a en etapas iniciais

Código: MED-BCBC102

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Valora e desenvolve a capacidade de xogo do/da deportista en situacións reais de práctica, identificando os conceptos que se presentan e os procesos de acción-reacción que resultan, describindo as súas particularidades, aplicando técnicas de identificación e corrección de erros, elixindo e adaptando tarefas de aprendizaxe e aplicando metodoloxías específicas de explicación ou demostración.

a) Definíronse os conceptos básicos de capacidade de xogo, as situacións de xogo reducido e cada un dos seus conceptos ofensivos e defensivos básicos nas etapas iniciais.



b) Identificáronse os procesos de acción-reacción resultantes nas situacións de xogo reducido nas etapas iniciais, describindo as características máis importantes.

c) Diferenciáronse os conceptos básicos de situacións de xogo reducido e identificáronse no xogo real en etapas iniciais.

d) Relacionáronse e diferenciáronse os conceptos de técnica e táctica individual dentro de cada situación de xogo reducido nas etapas iniciais.

e) Identificáronse os erros cometidos na aplicación dos conceptos básicos no xogo en etapas iniciais, definindo as causas que o provocan e utilizando estratexias de corrección axeitadas para estas etapas.

f) Adaptáronse tarefas de aprendizaxe dos conceptos básicos do xogo, nunha situación debidamente caracterizada de xogo reducido nas etapas iniciais, citando os criterios utilizados.

g) Describíronse as características dos recursos metodolóxicos e demostrativos, e dos principios da aprendizaxe progresiva utilizados na aprendizaxe das situacións de xogo reducido e en superioridade.

h) Valoráronse as execucións dos conceptos básicos das diferentes situacións de xogo reducido nas etapas iniciais sobre a base dos criterios de referencia.

i) Tomouse conciencia da importancia de incidir nos aspectos positivos da execución nas situacións de xogo reducido, por riba dos erros cometidos.

2. Valora e mellora a execución das habilidades técnicas ofensivas do/da xogador/a nas etapas iniciais, describindo os estándares de execución nesta etapa, aplicando técnicas de identificación e corrección de erros, elixindo e adaptando tarefas de aprendizaxe, e aplicando metodoloxías específicas de explicación ou demostración.

a) Situáronse as habilidades técnicas ofensivas propias do baloncesto dentro das habilidades motrices.

b) Definíronse as habilidades técnicas ofensivas en etapas iniciais, describindo as súas características, e identificándoas nas accións de xogo.

c) Describíronse os erros máis habituais nas execucións técnicas ofensivas.

d) Aplicáronse os criterios de identificación de erros das habilidades técnicas ofensivas, nunha situación práctica de xogo.

e) Aplicáronse estratexias de corrección, nun suposto práctico debidamente caracterizado de execucións erróneas dunha ou varias habilidades técnicas ofensivas.



f) Descríbóronse as características dos recursos metodolóxicos e demostrativos utilizados na aprendizaxe das habilidades técnicas ofensivas.

g) Adaptáronse tarefas de aprendizaxe das habilidades técnicas ofensivas describindo os criterios utilizados.

h) Utilizáronse recursos metodolóxicos de explicación e demostración das diferentes habilidades técnicas ofensivas propias das etapas iniciais en baloncesto.

i) Valorouse a importancia de incidir nos aspectos positivos da execución técnica correcta en cada habilidade ofensiva, máis que nos erros cometidos.

3. Valora e mellora a execución das habilidades técnicas defensivas do/da xogador/a nas etapas iniciais, describindo os estándares de execución nesta etapa, aplicando técnicas de identificación e corrección de erros, elixindo e adaptando tarefas de aprendizaxe, e aplicando metodoloxías específicas de explicación ou demostración.

a) Situáronse as habilidades técnicas defensivas propias do baloncesto dentro das habilidades motoras.

b) Definíronse as habilidades técnicas defensivas básicas en etapas iniciais, describindo as súas características, e identificándoas nas accións de xogo.

c) Descríbóronse os erros máis habituais nas execucións técnicas defensivas.

d) Aplicáronse os criterios de identificación de erros das habilidades técnicas defensivas, nunha situación práctica de xogo.

e) Aplicáronse estratexias de corrección, nun suposto práctico debidamente caracterizado de execucións erróneas dunha ou varias habilidades técnicas defensivas.

f) Descríbóronse as características dos recursos metodolóxicos e demostrativos utilizados na aprendizaxe das habilidades técnicas defensivas.

g) Adaptáronse tarefas de aprendizaxe das habilidades técnicas defensivas describindo os criterios utilizados.

h) Utilizáronse recursos metodolóxicos de explicación e demostración das diferentes habilidades técnicas defensivas propias das etapas iniciais en baloncesto.

i) Valorouse a importancia de incidir nos aspectos positivos da execución técnica correcta en cada habilidade defensiva, máis que nos erros cometidos.

Contidos básicos

1. Valora e desenvolve a capacidade de xogo do/da deportista en situacións



reais de práctica, identificando os conceptos que se presentan e os procesos de acción-reacción que resultan, describindo as súas particularidades, aplicando técnicas de identificación e corrección de erros, elixindo e adaptando tarefas de aprendizaxe e aplicando metodoloxías específicas de explicación ou demostración.

- Conceptos de capacidade de xogo.
 - Técnica individual.
 - Táctica individual e táctica colectiva.
 - Acción motriz.
- Situacións de xogo reducidas.
- Progresión nos conceptos.
- A pirámide da formación.
- Un/unha contra un/unha en etapas iniciais.
 - Con balón.
 - Exterior.
 - Interior.
 - Sen balón.
 - Atacante.
 - Defensor/a.
 - Aprendizaxe progresiva no un/unha contra un/unha.
 - Tarefas e criterios de elaboración.
 - Recursos metodolóxicos e demostrativos.
 - Erros no un/unha contra un/unha: tipos, causas, criterios de identificación e estratexias de corrección.
- Dous/dúas contra dous/dúas en etapas iniciais.
 - Conceptos defensivos.
 - Liña de pase.
 - Asignación defensiva.



- Axuda defensiva.
 - Cambio defensivo.
 - Recuperación.
 - Triangulación defensiva.
- Conceptos ofensivos.
 - Aclarado.
 - Pasar e cortar.
 - Porta atrás.
 - Bloqueo directo básico.
- Aprendizaxe progresiva no dous/dúas contra dous/dúas.
 - Tarefas e criterios de elaboración.
 - Recursos metodolóxicos e demostrativos.
- Erros no dous/dúas contra dous/dúas: tipos, causas, criterios de identificación e estratexias de corrección.
- Tres contra tres en etapas iniciais.
 - Conceptos básicos.
 - Bloqueo indirecto básico.
 - Pasar, cortar e substituír.
 - Aprendizaxe progresiva no tres contra tres.
 - Tarefas e criterios de elaboración.
 - Recursos metodolóxicos e demostrativos.
 - Erros no tres contra tres: tipos, causas, criterios de identificación e estratexias de corrección.
- Superioridade numérica en etapas iniciais.
 - Situacións básicas.
 - Situacións sen defensa.



- Situacións cun/cunha so/soa defensor/a.
- Recursos metodolóxicos e demostrativos de superioridade.
- Erros en situacións de superioridade: tipos, causas, criterios de identificación e estratexias de corrección.
- Xogadores/as preparados/as para todo.
- Proceso de acción-reacción no xogo.
 - O/a xogador/a ante un xogo dinámico.
 - O/a xogador/a ante un/unha defensor/a.
 - O/a xogador/a ante un espazo.
 - O/a xogador/a ante a combinación de espazos e defensor/a.

2. Valora e mellora a execución das habilidades técnicas ofensivas do/da xogador/a nas etapas iniciais, describindo os estándares de execución nesta etapa, aplicando técnicas de identificación e corrección de erros, elixindo e adaptando tarefas de aprendizaxe, e aplicando metodoloxías específicas de explicación ou demostración.

- Habilidades motrices.
- Habilidades técnicas ofensivas en baloncesto para etapas iniciais.
 - Xogo sen balón básico.
 - Desmarque.
 - Desmarque por velocidade.
 - Desmarque por cortes en «v».
 - Desmarque por fintas de recepción.
 - Engano interior-recepción exterior.
 - Engano exterior-recepción interior.
 - Corte por detrás do/da defensor/a. Porta atrás.
 - Corte por diante do/da defensor/a.
 - Recepción.



- Recepción en estático.
- Recepción en movemento.
- Bloquear.
- Posición básica de ataque.
- Tripla ameaza.
- Pivotar.
 - Pivotes básicos.
 - Xiro cara a diante (pivote de ataque).
 - Xiro cara a diante (pivote de preventivo).
- Paradas básicas.
 - Paradas en función da utilización dos pés.
 - Parada nun tempo (de salto).
 - Parada en dous tempos.
 - Paradas en función da posesión do balón.
 - Paradas con balón.
 - Paradas nun tempo despois de bote.
 - Paradas en dous tempos despois de bote.
 - Paradas sen balón.
- Arrancadas básicas.
 - Saída cruzada.
 - Saída aberta.
 - Saída en reverso.
- *Dribbling* básico.
- Tipos de bote.
 - Bote de progresión.



- Bote de velocidade.
- Bote de protección.
- Bote de penetración.
- Cambios de ritmo con balón.
- Cambios de dirección con balón básicos.
 - Cambio de dirección sen cambio de man.
 - Cambio de dirección con cambio de man por diante.
 - Cambio de dirección con cambio de man por detrás.
 - Cambio de dirección con cambio de man entre as pernas.
 - Cambio de dirección con cambio de man utilizando un reverso.
- Pases básicos.
 - Pases a dúas mans.
 - Pase de peito a dúas mans.
 - Pase picado a dúas mans.
 - Pase a dúas mans por enriba da cabeza.
 - Pase a unha man.
 - Pase lateral a unha man.
 - Pase de béisbol.
 - Pase desde *dribbling*.
- Lanzamentos a canastra básicos.
- Lanzamentos en carreira básicos.
 - Entrada normal ou por riba da cabeza.
 - Entrada en bandexa.
 - Entrada metendo o balón cara a abaixo (mate).
 - Entrada con paso cambiado.



- Extensións ou entradas con perda de paso.
 - Lanzamento en estático básico.
 - Lanzamento exterior.
 - Fintas básicas.
 - Fintas de tiro.
 - Fintas de saída.
 - Fintas de pase.
 - Rebote ofensivo.
 - Xogo de pernas.
 - Dominio do balón.
 - Agarre do balón.
 - Movementos de pés en ataque sen balón.
- Propostas de tarefas de ensino das habilidades técnicas ofensivas en etapas iniciais e criterios para a súa elaboración.
 - Erros máis frecuentes nas execucións de habilidades técnicas ofensivas en etapas iniciais.
 - Criterios na identificación de erros nas habilidades técnicas ofensivas.
 - Causas dos erros máis frecuentes nas habilidades técnicas ofensivas en etapas iniciais e estratexias de corrección.
 - Estratexias de corrección de erros das habilidades técnicas defensivas en etapas iniciais.
 - Recursos metodolóxicos e de demostración no ensino das habilidades técnicas ofensivas en etapas iniciais.
3. Valora e mellora a execución das habilidades técnicas defensivas do/da xogador/a nas etapas iniciais, describindo os estándares de execución nesta etapa, aplicando técnicas de identificación e corrección de erros, elixindo e adaptando tarefas de aprendizaxe, e aplicando metodoloxías específicas de explicación ou demostración.
- Habilidades técnicas defensivas en baloncesto en etapas iniciais.



- Posicións defensivas básicas.
 - Defensa do/da xogador/a con balón.
 - Defensa do/da xogador/a sen balón.
- Desprazamentos defensivos.
 - Desprazamentos defensivos laterais.
 - Desprazamentos defensivos cara a atrás (paso de caída).
- Defensa ao/á xogador/a con balón básica.
- Defensa ao/á xogador/a sen balón.
- Defensa en función do lado do campo.
 - Defensa en lado balón ou lado forte.
 - Defensa ao/á xogador/a sen balón en lado débil ou lado de axuda.
- Defensa segundo o posicionamento.
 - Defensa de anticipación.
 - Defensa de cara ao balón.
- Axuda defensiva.
 - Acción posterior á axuda defensiva.
 - Axudar e recuperar.
 - Axudar e cambiar.
- Rebote defensivo.
 - Anticipación sobre o/a atacante.
 - Bloqueo de rebote.
 - Bloqueo de rebote ao/á xogador/a sen balón en lado forte.
 - Bloqueo de rebote ao/á xogador/a sen balón en lado débil.
 - Captura de rebote.
- Agresividade defensiva (ímpeto).



- Propostas de tarefas de ensino das habilidades técnicas defensivas en etapas iniciais e criterios para a súa elaboración.
- Erros máis frecuentes na execución das habilidades técnicas defensivas en etapas iniciais.
 - Criterios na identificación de erros nas habilidades técnicas defensivas.
 - Causas dos erros máis frecuentes nas habilidades técnicas defensivas en etapas iniciais e estratexias de corrección.
 - Estratexias de corrección de erros das habilidades técnicas defensivas en etapas iniciais.
- Recursos metodolóxicos e de demostración no ensino das habilidades técnicas defensivas en etapas iniciais.

Módulo específico de ensino deportivo: Dirección de equipos en etapas iniciais

Código: MED-BCBC103

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Xestiona as propias emocións e as relacións dentro do grupo, aplicando estratexias básicas de dinámicas de grupo, xestión emocional, e valores en etapas iniciais en baloncesto; describindo as características dos diferentes tipos de xogadores/as e equipos, describindo o traballo en equipo, o liderado e os seus dereitos, deberes e competencias como persoal técnico.

a) Describíronse as diferentes competencias do/da adestrador/a de baloncesto nas etapas iniciais.

b) Identificáronse as características propias do/da adestrador/a en baloncesto en etapas iniciais e describíronse as súas habilidades básicas.

c) Enumeráronse e describíronse os dereitos e deberes do/da adestrador/a de baloncesto.

d) Identificáronse os conceptos básicos de xestión emocional e psicolóxica para o/a adestrador/a de baloncesto en etapas iniciais.

e) Aplicáronse dinámicas de grupo ao baloncesto en etapas iniciais.

f) Diferenciáronse os significados de grupo fronte ao de equipo de baloncesto en etapas iniciais, así como os seus trazos característicos e diferentes tipoloxías de equipo.



g) Xustificouse a importancia do coñecemento dos nosos/as xogadores/as na achega ao equipo, para facilitar o seu acompañamento, asesoramento e atención.

h) Describíronse e xustificáronse diferentes valores do baloncesto.

i) Describíronse os perfís e roles dos/das xogadores/as de baloncesto.

j) Valorouse a formación permanente e o aprender a aprender.

2. Dirixe partidos e competicións de etapas iniciais, identificando, cunha linguaxe básica específica de baloncesto, os diferentes momentos do partido, aplicando os criterios básicos de actuación e a toma de decisións e os regulamentos propios das etapas iniciais.

a) Describíronse os trazos característicos dun partido de baloncesto en etapas iniciais marcados pola idade dos/das participantes.

b) Identificáronse os diferentes momentos dun partido, argumentado as súas características e comparando as súas diferenzas, segundo o tempo de partido.

c) Listáronse as actuacións básicas a realizar nun tempo morto e as causas elementais para solicitalo.

d) Describíronse os motivos básicos polos que facer un cambio nun partido de baloncesto en etapas iniciais.

e) Describíronse as actuacións a realizar nos descansos dun partido de baloncesto en etapas iniciais.

f) Aplicáronse as actuacións básicas de dirección de partidos en situacións simuladas de partidos de baloncesto en etapas iniciais, utilizando unha linguaxe básica específica.

g) Describíronse as regras do minibasket e do baloncesto pasarela.

h) Identificáronse as diferenzas entre o baloncesto, o minibasket e o baloncesto pasarela.

i) Aplicáronse tanto o regulamento de minibasket como a pasarela resolvendo situacións formuladas en partidos de baloncesto de etapas iniciais, e identificando a linguaxe básica específica presente nelas.

j) Xustificouse a importancia dun regulamento propio para categorías en etapas iniciais en baloncesto.

k) Valorouse a importancia da dirección tranquila en partidos en etapas iniciais.

l) Valorouse a participación efectiva no xogo de todos/as os/as participantes do



equipo.

3. Recolle información básica sobre o xogo en etapas iniciais desde algunhas fontes, aplicando e utilizando as ferramentas e recursos tecnolóxicos básicos de recollida, rexistro e interpretación, para a mellora continua dos/das xogadores/as destas etapas.

- a) Definiuse a observación do xogo e do/da xogador/a en baloncesto.
- b) Identificáronse os parámetros básicos a observar dun/dunha xogador/a ou dun equipo de baloncesto en etapas iniciais.
- c) Descríbíronse as características de diferentes fontes de información básicas utilizadas no baloncesto en etapas iniciais.
- d) Nomeáronse as ferramentas e os recursos tecnolóxicos básicos na obtención de información.
- e) Rexistráronse os datos recollidos coa gravación utilizando recursos tecnolóxicos básicos.
- f) Nomeáronse os diferentes parámetros que se poden incluír nunha estatística básica de baloncesto.
- g) Elaborouse a estatística dun partido ou fase do partido, tras o seu visionamento en tempo real ou gravado.
- h) Diferenciouse entre os diferentes tipos de estatísticas básicas en baloncesto.
- i) Interpretáronse os datos que aparecen nunha acta de xogo.
- j) Valorouse a importancia de adecuar a información obtida pola observación á persoa destinataria dela.
- k) Valorouse a necesidade de obter información a partir da observación do xogo.

4. Colabora na organización, xestión e dinamización das competicións e eventos propios do baloncesto en etapas iniciais, describindo os procesos, as súas características e os recursos necesarios, identificando a lexislación básica desta etapa, e aplicando os procedementos de arbitraje básicos.

- a) Descríbíronse os procesos de organización, inscrición e xestión dun evento deportivo con enfoque lúdico ou de iniciación.
- b) Descríbíronse os recursos necesarios na organización dun evento ou competición lúdica ou de iniciación.
- c) Identificáronse diferentes tipos de competicións e eventos en baloncesto,



describindo as súas características.

d) Identificouse a normativa en baloncesto para etapas iniciais, asociándoas ao seu contido, así como os organismos que forman parte deste deporte.

e) Clasificouse a estrutura competitiva e organizativa do baloncesto español.

f) Asociáronse os niveis de adestradores/as e as licenzas das competicións nas que poden participar como persoal técnico.

g) Identificáronse os diferentes xestos do/da árbitro/a nun partido de baloncesto e explicouse o seu significado.

h) Identificáronse os diferentes xestos e accións dos/das auxiliares de mesa nun partido de baloncesto e explicouse o seu significado.

i) Diferenciáronse as características da arbitrase nunha competición de baloncesto en etapas iniciais, nunha competición de baloncesto en etapas avanzadas e nun evento lúdico de baloncesto.

j) Interpretáronse os datos que aparecen nun marcador electrónico de baloncesto.

k) Valorouse a importancia de colaborar e intervir na xestión, na organización da arbitrase e das competicións de baloncesto en etapas iniciais.

l) Valorouse a importancia de participar e colaborar coa dinamización do baloncesto.

Contidos básicos

1. Xestiona as propias emocións e as relacións dentro do grupo, aplicando estratexias básicas de dinámicas de grupo, xestión emocional, e valores en etapas iniciais en baloncesto; describindo as características dos diferentes tipos de xogadores/as e equipos, describindo o traballo en equipo, o liderado e os seus dereitos, deberes e competencias como persoal técnico.

- Significado e características do/da adestrador/a de baloncesto en etapas iniciais.

- Obxectivos como adestrador/a en etapas iniciais.

- Competencias básicas do/da adestrador/a.

- Habilidades básicas comunicativas en baloncesto.

- O/a adestrador/a como líder.



- Dereitos e deberes do/da adestrador/a de baloncesto.
 - Conceptos básicos de xestión emocional e psicolóxica para o/a adestrador/a de baloncesto en etapas iniciais.
 - Equipo técnico básico e funcións básicas.
 - Diferenzas entre grupo e equipo.
 - Especificacións das dinámicas de grupo en baloncesto en etapas iniciais.
 - Dirección de equipos de baloncesto en etapas iniciais segundo os/as xogadores/as e obxectivos.
 - Trazos específicos e perfís dos/das xogadores/as, e clasificación por posicións de xogo.
 - Valores do baloncesto.
 - Formación permanente do/da adestrador/a de baloncesto.
 - Aprender a aprender do/da adestrador/a de baloncesto.
 - Tipos de equipos de baloncesto segundo a categoría e a idade.
2. Dirixe partidos e competicións de etapas iniciais, identificando, cunha linguaxe básica específica de baloncesto, os diferentes momentos do partido, aplicando os criterios básicos de actuación e a toma de decisións e os regulamentos propios das etapas iniciais.
- O partido de baloncesto: as súas fases e descansos.
 - Características das fases e descansos dun partido de baloncesto e consideracións para a dirección do/da adestrador/a.
 - Tempos mortos: definición, características, consideracións para solicitalo e actuacións básicas.
 - Cambio de xogadores/as: definición, características e consideracións básicas para realizalo.
 - Situacións especiais básicas que se dan nun partido de baloncesto.
 - Linguaxe específica básica de baloncesto.
 - Regulamento de baloncesto: minibasket e pasarela.
 - Diferenzas entre baloncesto, minibasket e pasarela.



- Recomendacións para a dirección en etapas iniciais: exemplo e valores.

3. Recolle información básica sobre o xogo en etapas iniciais desde algunhas fontes, aplicando e utilizando as ferramentas e recursos tecnolóxicos básicos de recollida, rexistro e interpretación, para a mellora continua dos/das xogadores/as destas etapas.

- A importancia do estudo do xogo.
- Observación básica do xogo en baloncesto en etapas iniciais.
 - Observación xeral do ataque (identificación de estruturas tácticas).
 - Observación xeral da defensa (identificación de estruturas tácticas).
- Observación do/da xogador/a de baloncesto en etapas iniciais: parámetros básicos.
- As fontes de información en baloncesto.
 - Internet.
 - Bibliografía.
 - Videografía.
 - Rexistros elaborados.
- Recursos tecnolóxicos básicos aplicados á observación do xogo en baloncesto.
 - Lector de DVD.
 - Televisión.
 - Vídeo.
 - Programas de visionamento multimedia.
- Ferramentas básicas para a obtención de datos en baloncesto.
 - Gravación.
 - Estatísticas sinxelas.
 - Actas.
- Rexistro de datos con ferramentas básicas de baloncesto.



- Toma de estatísticas.
- Formalización de actas.

4. Colabora na organización, xestión e dinamización das competicións e eventos propios do baloncesto en etapas iniciais, describindo os procesos, as súas características e os recursos necesarios, identificando a lexislación básica desta etapa, e aplicando os procedementos de arbitraje básicos.

- Organización e dinamización de eventos e competicións lúdicas ou de iniciación de baloncesto.

- A xestión básica de eventos de baloncesto.

- Recursos na organización de eventos e competicións lúdicas ou de iniciación de baloncesto.

- Leis, decretos e normativas básicas do baloncesto para etapas iniciais.

- Organización e estrutura básica do baloncesto.

- Organismos propios do baloncesto.

- Estrutura competitiva do baloncesto español.

- Regulamento xeral de competicións en baloncesto en etapas iniciais.

- Inscripción e bases de competición en baloncesto.

- Tipos de competicións en baloncesto.

- Características das competicións e eventos de baloncesto en etapas iniciais.

- Niveis dos/das adestradores/as de baloncesto e correspondencia coas competicións.

- Mecánica de arbitraje en minibasket e pasarela.

- Procedementos de arbitraje de auxiliares de mesa en etapas iniciais.

- Procedementos de arbitraje en eventos de baloncesto lúdico.

- O marcador electrónico en baloncesto.

Módulo específico de ensino deportivo: Ensino do baloncesto

Código: MED-BCBC104



Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Adapta a sesión completa de ensino-aprendizaxe de iniciación ao baloncesto, a partir dun programa e metodoloxía de referencia, describindo os elementos e organización da programación na tempada, valorando a actividade motriz da sesión de baloncesto, as características psicomotrices dos/das xogadores/as de etapas iniciais e as características xerais das tarefas e as específicas da sesión.

a) Identificáronse as partes e elementos dunha programación de baloncesto dunha tempada.

b) Aplicáronse as consideracións que a metodoloxía de referencia propón para adaptar a sesión.

c) Describíronse as características motrices dos/das xogadores/as de baloncesto en etapas iniciais.

d) Describíronse as escalas básicas de valoración da cantidade de actividade motriz na sesión de baloncesto para etapas iniciais.

e) Valoráronse as vantaxes do xogo como medio de aprendizaxe.

f) Definíronse tanto o concepto de sesión como de cada unha das súas partes.

g) Diferenciáronse diferentes tipos de sesións de adestramento na iniciación ao baloncesto.

h) Adaptouse unha sesión de ensino do baloncesto para etapas iniciais, describindo as súas partes, e tendo en conta a cantidade de actividade motriz de cada unha das tarefas que a compoñen, a partir dun suposto práctico debidamente caracterizado.

i) Valorouse a importancia da adaptación das sesións de baloncesto ás características psicomotrices dos/das xogadores/as en etapas iniciais.

j) Definíronse e diferenciáronse os conceptos de tarefa, exercicio e xogo.

k) Describíronse os elementos que compoñen unha tarefa e a súa tipoloxía.

l) Estableceuse a distribución das tarefas de ensino do baloncesto relacionándoas coas fases da sesión, nun suposto práctico debidamente caracterizado.

m) Diferenciáronse os elementos de carácter físico-motriz, cognitivo, técnico ou táctico que caracterizan unha tarefa.

2. Dirixe a sesión nas etapas iniciais en baloncesto, aplicando técnicas de organización, dirección, motivación e dinamización de tarefas específicas da etapa, e



utilizando técnicas de presentación das tarefas e ferramentas de avaliación.

a) Describíronse propostas alternativas á demostración dunha habilidade en baloncesto.

b) Describíronse e aplicáronse os aspectos organizativos e de dinamización de tarefas en etapas iniciais en baloncesto.

c) Describíronse e aplicáronse as técnicas de dinamización e de dirección nun suposto práctico debidamente caracterizado de sesión de baloncesto nas etapas iniciais.

d) Aplicáronse estratexias de incremento da participación do/da xogador/a nun suposto práctico debidamente caracterizado de sesión nas etapas iniciais en baloncesto.

e) Definíronse diferentes ferramentas de avaliación básicas en baloncesto e describíronse as súas aplicacións.

f) Aplicáronse as ferramentas de avaliación básica en baloncesto nun suposto práctico debidamente caracterizado.

g) Xustificouse a necesidade de avaliar tanto a execución da tarefa como o deseño desta e a propia actuación do/da adestrador/a (autoavaliación).

h) Describíronse e aplicáronse as estratexias que xeren motivación nos/nas xogadores/as de etapas iniciais en baloncesto.

i) Xustificouse a importancia de maximizar a participación do/da xogador/a nas tarefas.

j) Valorouse a importancia da diversión dos/das xogadores/as na práctica da sesión en etapas iniciais.

3. Xestiona o risco durante a práctica do baloncesto, describindo as normas de prevención e seguridade na práctica, no material e instalacións específicas, aplicando procedementos de quentamento e volta á calma.

a) Definíronse os principais riscos da práctica do baloncesto.

b) Identificáronse os riscos presentes nunha situación práctica de baloncesto.

c) Diferenciáronse as causas de riscos que dependen do/da xogador/a e aquelas que dependen da práctica do baloncesto.

d) Describíronse os exercicios ou pautas desaconselladas na práctica do baloncesto.



- e) Describíronse as características das lesións máis frecuentes en baloncesto.
- f) Describíronse as características das zapatillas dun/dunha xogador/a de baloncesto.
- g) Listáronse as normas preventivas sobre instalacións e material propio do baloncesto.
- h) Propuxéronse medidas de actuación básica ante as lesións propias do baloncesto.
- i) Valorouse a importancia da preparación física e psicolóxica dos/das xogadores/as en baloncesto para mellorar o seu desenvolvemento.
- j) Describíronse procesos de quentamento e volta á calma que inclúan aspectos preventivos e preparativos, e tanto físicos como psicolóxicos.

Contidos básicos

1. Adapta a sesión completa de ensino-aprendizaxe de iniciación ao baloncesto, a partir dun programa e metodoloxía de referencia, describindo os elementos e organización da programación na tempada, valorando a actividade motriz da sesión de baloncesto, as características psicomotrices dos/das xogadores/as de etapas iniciais e as características xerais das tarefas e as específicas da sesión.

- O ensino do baloncesto en etapas iniciais.
- Características psicomotrices dos/das xogadores/as de baloncesto en etapas iniciais.
- A programación básica en baloncesto: partes e elementos que a compoñen.
- A tempada en baloncesto.
- A sesión de ensino-aprendizaxe de baloncesto en etapas iniciais: concepto e partes que a conforman.
 - Os obxectivos da sesión de ensino-aprendizaxe de baloncesto en etapas iniciais.
 - Tipos de sesións de baloncesto en etapas iniciais.
- A tarefa, o exercicio e o xogo. Conceptos e elementos que o compoñen.
- As tarefas dentro da sesión de baloncesto.
- A metodoloxía e as súas especificacións para o baloncesto en etapas iniciais.



- Metodoloxía de referencia en baloncesto en etapas iniciais.
 - Escala básica de valoración da actividade motriz na sesión de baloncesto nas etapas iniciais.
 - O xogo como metodoloxía de ensino e a súa importancia en etapas iniciais.
2. Dirixe a sesión nas etapas iniciais en baloncesto, aplicando técnicas de organización, dirección, motivación e dinamización de tarefas específicas da etapa, e utilizando técnicas de presentación das tarefas e ferramentas de avaliación.
- Demostración de habilidades de baloncesto: propostas alternativas.
 - Organización e dinamización de tarefas en baloncesto en etapas iniciais.
 - Dirección da sesión en baloncesto en etapas iniciais.
 - Estratexias para motivar, divertir e mellorar a participación do/da xogador/a nas tarefas en baloncesto en etapas iniciais.
 - Avaliación da sesión, das tarefas, do seu deseño e do/da adestrador/a de baloncesto en etapas iniciais.
 - Ferramentas de avaliación básicas en baloncesto.
 - A autoavaliación do persoal técnico.
3. Xestiona o risco durante a práctica do baloncesto, describindo as normas de prevención e seguridade na práctica, no material e instalacións específicas, aplicando procedementos de quentamento e volta á calma.
- Riscos básicos físicos e psicolóxicos na práctica de baloncesto.
 - Aspectos básicos da preparación física no baloncesto.
 - Riscos físicos e normas preventivas.
 - Procesos psicolóxicos básicos aplicados no baloncesto.
 - Riscos psicolóxicos e normas preventivas.
 - A práctica adecuada como elemento de prevención e desenvolvemento.
 - Exercicios e pautas desaconselladas en baloncesto.
 - O quentamento na sesión en baloncesto.
 - A volta á calma na sesión en baloncesto.



- A instalación e material de baloncesto en etapas iniciais. Utilización e medidas de prevención.
 - A pista de baloncesto.
 - As canastras.
 - As zapatillas de baloncesto.
 - Outros elementos da práctica.
- Lesións máis frecuentes en baloncesto.
 - Lesións.
 - Óseas.
 - Musculares.
 - Feridas.
 - Medidas de actuación básica.

Módulo específico de ensino deportivo: Táctica de ataque e defensa en etapas iniciais

Código: MED-BCBC105

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Valora e inicia o/a xogador/a no xogo dinámico en situacións de partido, describindo a estrutura táctica do baloncesto, os conceptos, características e aspectos básicos do xogo dinámico en etapas iniciais e utilizando a simboloxía básica do baloncesto, aplicando técnicas e estratexias metodolóxicas de detección e corrección de erros e de adaptación de tarefas.

a) Definíronse os conceptos básicos de xogo dinámico (ataque dinámico e defensa dinámica) nas etapas iniciais.

b) Describíronse as características e conceptos básicos do xogo dinámico en etapas iniciais, debuxando coa simboloxía axeitada as situacións de xogo propostas.

c) Comparáronse varios xogos dinámicos para etapas iniciais presentados, identificando as súas diferenzas e similitudes.

d) Describíronse os erros máis frecuentes no xogo dinámico en etapas iniciais, as súas causas e as estratexias de corrección utilizables.

e) Interpretouse unha situación de xogo dinámico a partir dun esquema gráfico



construído con simboloxía específica.

f) Describíronse propostas tácticas do baloncesto en etapas iniciais, utilizando a simboloxía básica en baloncesto.

g) Adaptáronse ataques e defensas dinámicas básicas para equipos en etapas iniciais, citando os criterios de adaptación aplicados e utilizando a simboloxía básica axeitada.

h) Xustificáronse as vantaxes e idoneidade de que o xogo dinámico se desenvolva con equipos en etapas iniciais.

i) Adaptáronse tarefas de aprendizaxe do xogo dinámico en etapas iniciais, describindo os criterios de adaptación e os principios de aprendizaxe progresiva utilizados.

j) Describíronse as características dos recursos metodolóxicos e demostrativos utilizados no ensino do xogo dinámico en etapas iniciais.

k) Describíronse os principios xerais da táctica en baloncesto, presentes na estrutura de xogo dun equipo.

l) Valorouse a evolución táctica do baloncesto na súa historia.

2. Valora e inicia o/a xogador/a no xogo posicional en situacións de partido, describindo os conceptos, características e aspectos básicos do xogo posicional en etapas iniciais e utilizando a simboloxía do baloncesto, aplicando técnicas e estratexias metodolóxicas de detección e corrección de erros e de adaptación de tarefas.

a) Definíronse os conceptos de xogo posicional: ataque posicional e defensa posicional, para etapas iniciais, describindo as súas características e conceptos básicos.

b) Comparáronse varios xogos posicionais para etapas iniciais presentados, identificando as súas diferenzas e similitudes, así como os erros cometidos e as causas que os xeran.

c) Describíronse os erros máis frecuentes no xogo posicional en etapas iniciais, as súas causas e as estratexias de corrección utilizables.

d) Identificouse o xogo posicional nunha situación real dun partido de baloncesto en etapas iniciais, debuxándoo coa simboloxía axeitada.

e) Adaptáronse ataques e defensas posicionais básicas para equipos en etapas iniciais, citando os criterios de adaptación aplicados.

f) Xustificouse a importancia de que o xogo posicional se desenvolva con



equipos en etapas iniciais.

g) Adaptáronse tarefas de aprendizaxe do xogo posicional en etapas iniciais, describindo os criterios de adaptación e os principios de aprendizaxe progresiva utilizados.

h) Describíronse as características dos recursos metodolóxicos e demostrativos utilizados no ensino do xogo posicional en etapas iniciais.

3. Valora e inicia o/a xogador/a no xogo de espazos en situacións de partido, describindo os conceptos, características e aspectos básicos do xogo de espazos en etapas iniciais e utilizando a simboloxía básica do baloncesto, aplicando técnicas e estratexias metodolóxicas de detección e corrección de erros e de adaptación de tarefas.

a) Definíronse os conceptos básicos do xogo de espazos: ataque de espazos e defensa de espazos, en etapas iniciais, describindo as súas características.

b) Comparáronse varios xogos de espazos propios das etapas iniciais presentados, identificando as súas diferenzas e similitudes, así como os erros cometidos e as causas que os xeran.

c) Identificouse o xogo de espazos nunha situación real dun partido de baloncesto en etapas iniciais, debuxándoo coa simboloxía básica axeitada.

d) Adaptáronse ataques e defensas de espazos para equipos en etapas iniciais, citando os criterios de adaptación aplicados.

e) Valorouse a conveniencia que o xogo de espazos se desenvolva con equipos en etapas iniciais.

f) Adaptáronse tarefas de aprendizaxe do xogo de espazos en etapas iniciais, describindo os criterios de adaptación e os principios de aprendizaxe progresiva utilizados.

g) Describíronse as características dos recursos metodolóxicos e demostrativos utilizados no ensino do xogo de espazos en etapas iniciais.

h) Xustificouse que a táctica debe estar ao servizo dos/das xogadores/as e en función das súas capacidades e madurez.

Contidos básicos

1. Valora e inicia o/a xogador/a no xogo dinámico en situacións de partido, describindo a estrutura táctica do baloncesto, os conceptos, características e aspectos básicos do xogo dinámico en etapas iniciais e utilizando a simboloxía básica do baloncesto, aplicando técnicas e estratexias metodolóxicas de detección e corrección de erros e de adaptación de tarefas.



- Conceptos básicos do xogo dinámico.
- Terminoloxía.
 - Ataque dinámico.
 - Contraataque.
 - Seguir xogando.
 - Transición.
 - Defensa dinámica.
 - Repregamento.
 - Axuste.
 - Balance defensivo.
 - Seguir defendendo.
- Ataque dinámico.
 - Ideas ofensivas do xogo dinámico.
 - Estrutura do ataque dinámico.
 - Inicio.
 - Logo de rebote defensivo.
 - Logo de canastra.
 - Logo de tiro libre.
 - Logo de roubo de balón.
 - Organización.
 - Cun/cunha so/soa xogador/a (contraataque).
 - Con dous/dúas xogadores/as (contraataque).
 - Con tres xogadores/as (contraataque).
 - Con catro xogadores/as (contraataque).
 - Con cinco xogadores/as (contraataque).



- Continuacións (seguir xogando).
 - Con cortes por diante da defensa.
 - Con cortes polas costas da defensa.
 - Con cortes ao poste baixo.
 - Cuns/cunhas contra uns/unhas.
 - Con dividir e dobrar segundo a axuda.
 - Con bloqueos directos.
- Finalizacións.
 - Con entrada a canastra desde rúa lateral.
 - Con entrada a canastra desde rúa central.
 - Con penetración desde rúa central e dobra pase ao lateral.
- Propostas de tarefas de ensino en etapas iniciais e criterios para a súa elaboración.
- Erros máis frecuentes nos ataques dinámicos en equipos en etapas iniciais.
 - Causas dos erros máis frecuentes nos ataques dinámicos en equipos en etapas iniciais.
- Defensa dinámica.
 - Ideas defensivas do xogo dinámico.
 - Estrutura da defensa dinámica.
 - Defensa previa á perda do balón.
 - Defensa no inicio do contraataque.
 - Defensa na organización do contraataque.
 - Defensa na finalización do contraataque.
 - Defensa ante o seguir xogando.
 - Propostas de tarefas de ensino en etapas iniciais e criterios para a súa elaboración.



- Erros máis frecuentes en equipos en etapas iniciais.
 - Causas dos erros máis frecuentes nas defensas dinámicas en equipos en etapas iniciais.
 - Principios xerais da táctica en baloncesto.
 - Estrutura de xogo dun equipo de baloncesto.
 - Historia da evolución táctica en baloncesto.
 - Simboloxía táctica básica en baloncesto.
 - Recursos metodolóxicos e demostrativos no ensino do xogo dinámico en etapas iniciais.
 - Aprendizaxe progresiva dos conceptos básicos do xogo dinámico.
2. Valora e inicia o/a xogador/a no xogo posicional en situacións de partido, describindo os conceptos, características e aspectos básicos do xogo posicional en etapas iniciais e utilizando a simboloxía do baloncesto, aplicando técnicas e estratexias metodolóxicas de detección e corrección de erros e de adaptación de tarefas.
- Conceptos básicos do xogo posicional.
 - Ataque posicional.
 - Definición de ataque posicional.
 - Disposicións iniciais básicas.
 - Disposición 1-4.
 - Disposición 1-2-2.
 - Disposición 2-1-2.
 - Movementos básicos de desenvolvemento.
 - Finalizacións básicas en etapas iniciais.
 - Segundas opcións básicas en etapas iniciais.
 - Conceptos básicos do ataque en etapas iniciais.
 - Ocupación de espazos.
 - Ampliación.



- Baleirado.
- Pasar e moverse.
- Intercambio de posicións.
- Atacar as axudas.
- Inversións.
 - Directa ou pase *skip*.
 - Indirecta ou de chegada.
- Ataque desde posicións.
 - Frontal.
 - Diagonal.
 - Esquina.
 - Poste baixo.
 - Poste alto.
- Triangulacións.
 - Triangulación longa.
 - Triangulación curta.
- Estruturas de ataque posicional básico en etapas iniciais.
- O xogo posicional en equipos principiantes.
- O xogo posicional en equipos xa iniciados.
- Modelos de ataque posicional básico en etapas iniciais.
 - *Passing Game*.
 - Triplo poste.
- Propostas de tarefas ofensivas de ensino en etapas iniciais e criterios para a súa elaboración.
- Erros máis frecuentes no ataque de equipos en etapas iniciais.



- Criterios na identificación de erros nos ataques dinámicos en etapas iniciais e a súa priorización.
 - Causas dos erros máis frecuentes nos ataques dinámicos en equipos en etapas iniciais.
- Defensa posicional.
 - Definición de defensa posicional.
 - Conceptos básicos da defensa posicional en etapas iniciais.
 - A defensa ao/á xogador/a con balón.
 - A defensa ao/á xogador/a sen balón.
 - Axuda defensiva.
 - Preparación da axuda.
 - Reacción en axuda.
 - Corrección posicional.
 - Recuperación defensiva.
 - Triángulo defensivo.
 - Sobremarcar.
 - Inframarcas.
 - Tres cuartos.
 - Estructuras básicas de defensas posicionais en etapas iniciais.
 - Defensa de contención.
 - Defensa por obxectivos.
 - Modelos de defensa posicional básica en etapas iniciais.
 - Defensa para equipos principiantes.
 - Defensa para equipos xa iniciados.
- Propostas de tarefas defensivas de ensino en etapas iniciais e criterios para a súa elaboración.



- Erros máis frecuentes na defensa de equipos en etapas iniciais.
- Criterios na identificación de erros nas defensas posicionais en etapas iniciais e a súa priorización.
 - Causas dos erros máis frecuentes nas defensas posicionais en equipos en etapas iniciais.
- Recursos metodolóxicos e demostrativos no ensino do xogo posicional (ofensivo e defensivo) en etapas iniciais.
- Aprendizaxe progresiva dos conceptos básicos do xogo posicional ofensivo e defensivo.

3. Valora e inicia o/a xogador/a no xogo de espazos en situacións de partido, describindo os conceptos, características e aspectos básicos do xogo de espazos en etapas iniciais e utilizando a simboloxía básica do baloncesto, aplicando técnicas e estratexias metodolóxicas de detección e corrección de erros e de adaptación de tarefas.

- Definición do xogo de espazos en etapas iniciais.
 - Defensa de espazos en etapas iniciais.
 - Definición da defensa de espazos.
 - Obxectivos básicos da defensa de espazos.
 - Estruturas básicas da defensa de espazos.
 - Defensa de espazos «par».
 - Defensas de espazos «impar».
 - Propostas de tarefas de ensino da defensa de espazos para equipos en etapas iniciais e criterios para a súa elaboración.
 - Erros máis frecuentes da defensa de espazos en equipos en etapas iniciais.
 - Criterios na identificación de erros nas defensas de espazos en etapas iniciais e a súa priorización.
 - Causas dos erros máis frecuentes nas defensas de espazos en equipos en etapas iniciais.
 - Ataque contra defensa de espazos en etapas iniciais.



- Definición do ataque a espazos.
- Premisas básicas do ataque a espazos.
- Conceptos básicos do ataque de espazos.
 - Ocupación de espazos.
 - Movemento de balón.
 - Divisións.
- Estruturas elementais do ataque a espazos.
 - Ataque con equipos de principiantes.
 - Ataque con equipos xa iniciados.
- Propostas de tarefas de ensino para equipos en etapas iniciais e criterios para a súa elaboración.
- Erros máis frecuentes en equipos en etapas iniciais.
 - Criterios na identificación de erros nos ataques de espazos en etapas iniciais e a súa priorización.
 - Causas dos erros máis frecuentes nos ataques de espazos en equipos en etapas iniciais.
- Características dos recursos metodolóxicos e demostrativos utilizados no ensino do xogo de espazos en etapas iniciais.
- A táctica ao servizo do/da xogador/a, das súas capacidades e madureza.

Módulo específico de ensino deportivo: Formación práctica

Código: MED-BCBC106

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Identifica a estrutura organizativa e o funcionamento do club ou entidade deportiva relacionándoa coa oferta de actividades en relación á iniciación deportiva ou ao acompañamento de persoas usuarias en actividades de baloncesto.
 - a) Identificouse a estrutura da organización deportiva local e autonómica e as súas relacións co club ou entidade deportiva.
 - b) Identificouse a estrutura organizativa e o funcionamento das distintas áreas do club ou entidade deportiva.



c) Recoñeceuse o tipo de asociación deportiva do club ou entidade deportiva de prácticas.

d) Identificáronse as relacións xerárquicas dentro do club ou entidade deportiva.

e) Identificouse a oferta de actividades vinculadas á iniciación deportiva ou ao acompañamento de persoas usuarias.

f) Distinguiuse a oferta de actividades orientada á práctica de baloncesto nas mulleres.

g) Identificáronse as vías de apoio institucional (local e autonómico) utilizadas polo club ou entidade deportiva.

h) Recoñecéronse os valores presentes nas actividades de baloncesto do club ou entidade deportiva.

2. Actúa con autonomía, iniciativa e responsabilidade no posto de traballo, demostrando comportamento ético, habilidades persoais de comunicación, traballo en equipo, respecto polo ambiente, e aplicando os procedementos establecidos pola empresa.

a) Identificáronse os requirimentos actitudinais do posto de traballo.

b) Interpretáronse e cumpríronse as instrucións recibidas e responsabilizouse do traballo asignado.

c) Demostrouse compromiso co traballo ben feito e a calidade do servizo, así como respecto aos procedementos e principios propios do club ou da entidade deportiva.

d) Demostrouse capacidade de traballo en equipo e respecto á xerarquía establecida no club ou entidade deportiva.

e) Estableceuse unha comunicación e relación eficaz co persoal técnico responsable da actividade e os/as integrantes do equipo, mantendo un trato fluído e correcto.

f) Coordinouse co resto do equipo, informando de calquera cambio, necesidade relevante ou imprevista que se presente na actividade.

g) Mantívose unha actitude clara de respecto ao ambiente nas actividades desenvolvidas e aplicáronse as normas internas e externas vinculadas.

h) Aplicáronse ou utilizáronse os equipos de prevención de riscos laborais propios do baloncesto.

i) Aplicáronse os aspectos fundamentais da lei de prevención de riscos laborais,



relacionados coas actividades, competicións e eventos da iniciación deportiva en baloncesto.

3. Colabora no desenvolvemento das actividades, competicións e outros eventos da iniciación deportiva en baloncesto identificando e utilizando medios, interpretando programacións de referencia e executando procedementos de acordo coa norma establecida, e instrucións recibidas.

a) Identificáronse e interpretáronse as instrucións recibidas e/ou documentación asociada á organización e á xestión de pequenas competicións e eventos propios da iniciación deportiva en baloncesto.

b) Interpretáronse e identificáronse as medidas de protección e de seguridade persoal do/da deportista durante a competición, tendo en conta as características da competición de iniciación en baloncesto.

c) Realizáronse xestións de petición dos permisos necesarios para a realización da actividade, competición ou evento de iniciación deportiva en baloncesto.

d) Realizáronse accións de colaboración e intervención na organización e xestión de pequenas competicións e eventos propios da iniciación deportiva en baloncesto.

e) Realizouse a recollida de documentación para a inscrición dos/das participantes nunha actividade ou evento de iniciación deportiva en baloncesto.

f) Aplicáronse criterios á revisión e á confidencialidade da documentación necesaria para a inscrición.

g) Elaborouse a información sobre a actividade ou a competición de baloncesto para os pais, as nais ou os/as titores/as legais dos/das participantes.

h) Interpretáronse os datos do marcador electrónico de baloncesto.

i) Interpretáronse os procedementos de arbitraje nas competicións de baloncesto en etapas iniciais.

4. Dirixe o/a deportista e o equipo en competicións de iniciación ao baloncesto, interpretando as normas e regulamentos, xestionando as relacións e emocións que se dan no xogo, executando os procedementos e técnicas de transmisión dos valores propios deste deporte, e recollendo información básica do xogo.

a) Comprobase o estado da inscrición do grupo ou deportista na competición de iniciación en baloncesto, seguindo as instrucións e normas establecidas.

b) Informouse o/a xogador/a das características da competición, interpretando a súa documentación.



c) Aplicáronse procedementos de reclamación nunha competición de iniciación en baloncesto, aplicando as normas e protocolos establecidos.

d) Orientouse os/as deportistas nas competicións, aplicando os procedementos e seguindo as instrucións e normas establecidas.

e) Velouse polo respecto aos valores do xogo limpo, o respecto á saúde persoal e ás demais persoas, durante a participación na competición de iniciación en baloncesto, aplicando os procedementos axeitados e respectando as súas normas.

f) Aplicáronse dinámicas de grupo durante as competicións que axuden ao/á xogador/a e ao equipo na práctica, aplicando técnicas e modelos de referencia.

g) Observouse o xogo real ou en diferido, utilizando recursos tecnolóxicos básicos, identificando as distintas habilidades técnicas básicas e os conceptos tácticos básicos que se presentan.

h) Utilizáronse, durante os partidos, os recursos de xestión do tempo e do equipo (tempos mortos e cambios) para optimizar a práctica e a participación dos/das xogadores/as, e aplicando as normas do regulamento específico de aplicación.

i) Explicáronse diferentes consignas durante a competición, utilizando unha linguaxe específica básica de baloncesto.

j) Demostrouse a xestión das propias emocións, realizando unha dirección tranquila do equipo e comunicación serena cos/coas xogadores/as.

5. Realiza operacións de prestación dos primeiros auxilios, interpretando as normas e protocolos establecidos e aplicando técnicas e procedementos de acordo a instrucións ou normas establecidas, intervindo tamén na xestión do risco durante a práctica.

a) Desenvolvéronse operacións de valoración inicial á persoa accidentada, de acordo coas instrucións e protocolos recibidos.

b) Estableceuse a secuencia de actuación de acordo co protocolo establecido polo Comité de coordinación internacional sobre a resucitación (ILCOR).

c) Establecéronse medidas de seguridade e autoprotección persoal nas situacións de prestación dos primeiros auxilios, de acordo coas instrucións e protocolos recibidos.

d) Aplicáronse técnicas e procedementos de prestación de primeiros auxilios en lesións, segundo a normativa e os protocolos establecidos.

e) Aplicáronse técnicas de soporte vital, seguindo as instrucións e protocolos establecidos.



f) Efectuáronse operacións de desfibrilación externa semiautomática, seguindo as instrucións e protocolos establecidos.

g) Mantívose o autocontrol en situacións de prestación dos primeiros auxilios á persoa accidentada tendo en conta as instrucións e protocolos establecidos.

h) Aplicáronse técnicas de apoio psicolóxico á persoa accidentada e a acompañantes, tendo en conta as instrucións e protocolos establecidos.

i) Utilizouse a terminoloxía médico-sanitaria elemental relacionada cos primeiros auxilios.

j) Demostrouse unha actitude positiva cara á reciclaxe e a actualización persoal en novos protocolos e instrumentos relacionados cos primeiros auxilios e os riscos na práctica do baloncesto.

k) Realizáronse operacións de preparación da cancha para incrementar a seguridade dos/das participantes.

l) Efectuáronse operacións de revisión das indumentarias dos/das deportistas e os equipamentos necesarios para a práctica, seguindo as instrucións ou normas establecidas.

m) Comunicouse os/as deportistas as posibles situacións de risco ou perigo durante a práctica, de acordo coas normas e procedementos establecidos.

6. Adapta e dirixe sesións de ensino-aprendizaxe na iniciación técnica e táctica en baloncesto, interpretando programacións de referencia, executando procedementos e técnicas relacionadas co proceso de ensino-aprendizaxe, e transmitindo valores éticos.

a) Identificáronse e seleccionáronse os medios e recursos necesarios para o desenvolvemento da actividade.

b) Identificáronse as condicións ambientais necesarias para o desenvolvemento da sesión, aplicando técnicas e procedementos establecidos e respectando as normas de seguridade establecidas para as actividades de iniciación en baloncesto.

c) Mantívose comunicación co/coa xogador/a, explicando os contidos da sesión, e demostrouse interese pola captación, motivación e adherencia á práctica dos/das deportistas e persoas usuarias.

d) Concretouse a sesión de ensino-aprendizaxe da iniciación en baloncesto seguindo a programación de referencia, establecendo tempos axeitados de práctica a nivel de grupo e individual.

e) Valoráronse as habilidades e destrezas técnicas e tácticas dos/das xogadores/as, identificando os erros e ofrecendo pautas de corrección.



f) Tívoise en conta o desenvolvemento natural do baloncesto propoñendo tarefas variadas que proporcionen variabilidade ou diversidade nas experiencias motoras, tendo en conta as características do individuo.

g) Establecéronse tempos axeitados para a práctica do xogo colectivo, e das habilidades técnicas, motivando a experimentación e a práctica.

h) Utilizáronse metodoloxías específicas para a demostración e/ou explicación das habilidades técnicas básicas e dos conceptos tácticos básicos.

i) Establecéronse as condicións de seguridade necesarias na iniciación en baloncesto, interpretando as instrucións ou normas e aplicando os procedementos establecidos.

j) Dirixiuse a sesión de ensino-aprendizaxe de iniciación en baloncesto, solucionando as continxencias existentes, utilizando máis reforzos positivos que castigos na corrección das habilidades técnicas, xerando un espírito construtivo e sereno na mellora e desenvolvemento do/da xogador/a.

k) Aplicáronse estratexias de comunicación, control de continxencias, servíndose das dinámicas de grupo máis axeitadas en cada caso.

l) Valorouse o desenvolvemento da sesión, aplicando procedementos de recollida e procesamento da información necesaria para a elaboración de xuízos que permitan o axuste e mellora permanente do proceso de ensino-aprendizaxe e das actividades propias da iniciación á modalidade ou especialidade deportiva.

m) Demostrouse interese pola transmisión de valores éticos, persoais e sociais a través da práctica deportiva: xogo limpo, respecto á saúde persoal, ás demais persoas e ao contorno.

ANEXO III

Obxectivos xerais e módulos de ensino deportivo do ciclo final de grao medio en baloncesto

Obxectivos xerais

a) Identificar e detectar as características técnicas, físicas, psicolóxicas, tácticas e competitivas, aplicando procedementos establecidos para valorar e agrupar o/a deportista na etapa de tecnificación deportiva, e lograr a súa continuidade na súa práctica deportiva.

b) Analizar e interpretar a programación de referencia do adestramento en baloncesto na etapa de tecnificación, elixindo e deseñando tarefas e aplicando métodos establecidos, para adaptar e concretar os ciclos, programas específicos e sesións de adestramento de baloncesto.



c) Estruturar, elaborar e describir os obxectivos, contidos do proceso de ensino e aprendizaxe de baloncesto, aplicando metodoloxías específicas, tendo en conta os principios da aprendizaxe motora e da práctica saudable, para deseñar programas de ensino do baloncesto.

d) Describir, elixir e demostrar as técnicas e estratexias de dinamización, de control de continxencias e dirección de sesións en baloncesto cunha linguaxe específica avanzada que inclúa a terminoloxía en inglés, para dinamizar sesións de adestramento na etapa de tecnificación.

e) Describir e mostrar os fundamentos do xogo na etapa de tecnificación, seleccionando as estratexias metodolóxicas, así como os procedementos de detección e corrección de erros.

f) Analizar e identificar as diferentes estruturas tácticas presentes na competición da etapa de tecnificación deportiva, e do regulamento, aplicando técnicas de valoración do rendemento individual e colectivo para organizar o equipo no partido.

g) Analizar as continxencias persoais e colectivas que afectan á dirección de equipos en competición na etapa de tecnificación en baloncesto, valorando a carga emocional da situación, e aplicando técnicas e estratexias de liderado, desenvolvemento persoal, dinámicas de grupo, e de distribución e aceptación de roles nos equipos técnicos, para dirixir os/as xogadores/as de forma máis acertada.

h) Identificar e describir as características do proceso de adquisición de valores e actitudes, sendo consciente e argumentando os efectos que provocan nos/nas deportistas, para transmitir valores propios do baloncesto.

i) Analizar e elaborar a estrutura organizativa das competicións e eventos das etapas iniciais de baloncesto, e identificar as características organizativas de competicións de tecnificación deportiva, enumerando os requisitos administrativos, os medios materiais e humanos necesarios, aplicando o marco legal que as regula e estratexias para atraer deportistas.

j) Identificar e analizar as características organizativas dos equipos técnicos, medios materiais e humanos, aplicando procedementos establecidos de xestión, comunicación e traballo colaborador, para dirixir a outro persoal técnico encargado da iniciación deportiva.

k) Identificar e analizar as variables que interveñen no proceso de tecnificación deportiva, aplicando procedementos de recollida, tratamento e valoración da información dos diferentes ciclos e períodos da tempada, e de axuste do programa, para valorar o desenvolvemento dos ciclos de adestramento e dos resultados obtidos.

l) Recoller información, a partir do *scouting*, mediante a utilización de fontes,



recursos e ferramentas de observación e obtención de datos, para analizar e valorar os/as xogadores e o equipo.

m) Identificar e reproducir graficamente os elementos tácticos presentes no xogo que se visiona, xa sexa en directo ou en diferido, e a velocidade real ou retardada, para analizar e valorar os compoñentes do xogo.

n) Recoñecer, promover e xustificar os valores de compromiso, traballo ben feito e respecto aos dereitos e deberes propios e dos/das xogadores/as, describindo os aspectos observables da conduta que reflicten estes valores, para manter o espírito de responsabilidade individual como persoal técnico, esforzo persoal, compromiso co desenvolvemento dos/das deportistas e na loita contra a dopaxe.

ñ) Exteriorizar interese pola formación, innovación e a aprendizaxe permanente, recoñecendo as capacidades e competencias necesarias para exercer como persoal técnico deportivo, valorando o traballo ben feito, para demostrar o espírito de mellora constante.

o) Describir e aplicar os programas de iniciación deportiva ao baloncesto en cadeira de rodas, analizando as adaptacións ou características técnicas, tácticas e regulamentarias da modalidade, e clasificando as características das discapacidades.

Módulo común de ensino deportivo: Bases da aprendizaxe deportiva

Código: MED-C201

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- A elección dos seguros de accidentes e actividade. Tipos e características. Normativa de aplicación.

- Responsabilidade civil do persoal técnico deportivo.

- Características e normativa vixente. O acompañamento ou tutela de menores durante o desprazamento.



- Asunción de normas e responsabilidades do persoal técnico deportivo nas viaxes dos grupos deportivos.

4. Dirixe e acompaña a deportistas en competicións de nivel de iniciación e tecnificación deportiva analizando as características de organización das competicións.

- Análise dos requisitos básicos para a participación en competicións de tecnificación deportiva.

- Proceso de inscrición, documentación e prazos.
- Tramitación e características da licenza federativa: autonómica e nacional.
- A tramitación do seguro obrigatorio deportivo.

- Análise das funcións e responsabilidade do persoal técnico deportivo durante a competición.

- Organización e estrutura básica das competicións deportivas, e as fases máis relevantes. Funcións da organización.

5. Xestiona un club deportivo aplicando os procedementos axeitados para a súa constitución e posta en marcha.

- O club deportivo. Tipos, características e estrutura básica.
- Normativa de constitución e funcionamento dun club deportivo.
- Procedemento de constitución e inscrición dos clubs deportivos.
- Vías de financiamento dos clubs deportivos: ingresos propios, ingresos indirectos, subvencións de institucións públicas, etc.

- Tipos e modalidades das axudas e subvencións aos clubs. Procedemento de tramitación.

- Convenios de colaboración coa administración: protocolos, cláusulas e anexos.

- O patrocinio deportivo. Tipos e normativa relacionada.

Módulo común de ensino deportivo: Xénero e deporte

Código: MED-C205

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación



1. Identifica a realidade do deporte feminino, analizando os elementos sociais que o caracterizan.

- a) Identificouse a terminoloxía específica na temática de xénero.
- b) Valorouse a importancia da autoavaliación permanente sobre os prexuízos e estereotipos persoais en relación ao xénero.
- c) Describíronse os prexuízos e estereotipos persoais e sociais, específicos en relación ao xénero e á práctica de actividade físico-deportiva.
- d) Identificouse a evolución do deporte feminino e os aspectos que resultaron determinantes na dita evolución.
- e) Identificáronse e categorizáronse as diferenzas do deporte feminino en relación co masculino.
- f) Describíronse os índices de práctica deportiva feminina nos diferentes ámbitos (deporte escolar, deporte federado, etc.).
- g) Describiuse e analizouse o abandono feminino e as súas causas.

h) Analizouse a situación das mulleres como persoal técnico, corpo arbitral e adestradoras, así como en diferentes ámbitos da xestión deportiva.

2. Promove a incorporación da muller ao ámbito deportivo analizando as súas peculiaridades específicas, as do seu contexto e aplicando diferentes estratexias de intervención.

a) Describíronse os intereses e as motivacións particulares das mulleres ante a práctica deportiva.

b) Describíronse as principais barreiras que encontran as mulleres no desenvolvemento da práctica deportiva.

c) Valorouse a importancia de potenciar unha imaxe corporal saudable para o benestar da muller deportista.

d) Valorouse a importancia de considerar as características biolóxicas específicas da muller deportista como parte da súa vivencia persoal.

e) Valorouse a importancia de maximizar as oportunidades de participación das mulleres na actividade físico-deportiva.

f) Analizáronse as principais vías de incorporación das mulleres á práctica deportiva.

g) Valorouse a importancia de desenvolver prácticas inclusivas no fomento da



participación activa das mulleres no deporte.

h) Aplicáronse estratexias metodolóxicas para favorecer a participación e as posibilidades de éxito das deportistas.

i) Valorouse a importancia dunha actitude positiva dos/das compañeiros/as, persoal técnico, familias e institucións cara á práctica deportiva das mulleres.

j) Identificáronse os usos sexistas da linguaxe e as formas básicas para facer un uso del que visibilice ás mulleres deportistas.

3. Apoia a incorporación da muller ao deporte, identificando o papel das institucións e as liñas de apoio ao deporte feminino.

a) Identificáronse as institucións e organismos vinculados co deporte feminino a nivel nacional, autonómico e local.

b) Valorouse a importancia da coordinación e colaboración interinstitucional no fomento de hábitos de práctica físico-deportiva nas mulleres.

c) Valorouse o papel das institucións (federacións deportivas, asociacións, clubs, etc.) na organización e o fomento da competición, a recreación e a práctica da actividade física saudable das mulleres.

d) Describíronse as principais características dos programas de promoción da práctica físico-deportiva nas mulleres.

e) Valoráronse os principais programas de promoción e desenvolvemento da práctica deportiva feminina como exemplos de boas prácticas.

f) Valorouse a importancia da promoción do deporte feminino como xerador de valores persoais, sociais e como vehículo de integración social.

Contidos básicos

1. Identifica a realidade do deporte feminino, analizando os elementos sociais que o caracterizan.

- Terminoloxía específica.
 - Sexo-xénero.
 - Prexuízo/estereotipo de xénero.
 - Igualdade de acceso/igualdade de oportunidades.
 - Modelos androcéntricos.



- Expectativas sociais.
 - Prexuizos e estereotipos persoais e sociais en relación ao xénero e á práctica de actividade físico-deportiva.
 - Evolución da práctica de actividade físico-deportiva das mulleres e factores determinantes.
 - Modalidades deportivas con características diferenciais entre homes e mulleres.
 - Índices de práctica físico-deportiva feminina nos diferentes ámbitos.
 - Ámbito escolar.
 - Ámbito federado.
 - Ámbito universitario.
 - Ámbito recreativo.
 - Índices de abandono nos diferentes ámbitos (escolar, federado, universitario, recreativo, etc.).
 - Causas do abandono da práctica físico-deportiva feminina.
 - As mulleres como persoal técnico, adestradoras, corpo arbitral e xestoras deportivas.
2. Promove a incorporación da muller ao ámbito deportivo analizando as peculiaridades específicas da muller deportista e o seu contexto e aplicando diferentes estratexias de intervención.
- Intereses e motivacións específicas da muller ante a práctica físico-deportiva.
 - Barreiras para o desenvolvemento da práctica deportiva.
 - Imaxe non sexista na muller deportista.
 - Trazos característicos dunha imaxe corporal positiva e negativa non sexista.
 - Estratexias para fomentar unha imaxe corporal positiva non sexista na muller deportista.
 - Influencia das características biolóxicas femininas no desenvolvemento psicosocial da deportista (menarquía, amenorrea, ciclo menstrual, temporalidade da madureza física, etc.).



- Estratexias de intervención para a plena incorporación das mulleres á práctica físico-deportiva.

- Oportunidades de participación.
- Vías de incorporación.
- Prácticas inclusivas.
- Estratexias metodolóxicas.
- Fomento de actitudes positivas nos diferentes axentes sociais (compañeiros/as, persoal técnico, as propias familias, etc.).

- A linguaxe.

- Uso non sexista da linguaxe.
- Linguaxe inclusiva.
- Estratexias básicas.

3. Apoia a incorporación da muller ao deporte, identificando o papel das institucións e as liñas de apoio ao deporte feminino.

- Órganos responsables do deporte feminino dentro das institucións e organismos.

- Ámbito nacional.
- Ámbito autonómico.
- Ámbito local.

- Coordinación e colaboración institucional no fomento de hábitos de práctica físico-deportiva nas mulleres.

- Programas de promoción e desenvolvemento do deporte feminino.

- Características principais.
- Exemplos de boas prácticas.

- A actividade físico-deportiva como xeradora de valores na poboación feminina.

- Valores persoais.
- Valores sociais.



Módulo específico de ensino deportivo: Formación do/da xogador/a na etapa de tecnificación

Código: MED-BCBC201

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Examina e perfecciona a capacidade de xogo do/da deportista na etapa de tecnificación, explicando os conceptos a partir do xogo reducido, así como os procesos de acción-reacción que resultan, aplicando técnicas de identificación e corrección de erros, modificando e construíndo tarefas de aprendizaxe e aplicando metodoloxías específicas de explicación ou demostración.

a) Identificáronse as categorías propias da etapa de tecnificación, así como os seus fundamentos propios.

b) Expuxéronse os conceptos técnico-tácticos propios das etapas de tecnificación.

c) Explicáronse as calidades coordinativas presentes nas habilidades técnicas do baloncesto en etapas de tecnificación, identificando a súa presenza sobre situacións presentadas.

d) Analizáronse as distintas situacións de xogo reducido en etapas de tecnificación, diferenciando o traballo específico entre xogadores/as exteriores ou interiores.

e) Explicáronse os procesos de acción-reacción resultantes nas situacións do/da xogador/a con ou sen balón nas etapas de tecnificación.

f) Formuláronse recursos para obter vantaxe en situacións de xogo reducido en etapas de tecnificación, combinando a xogadores/as de posicións exteriores e interiores nelas.

g) Analizáronse os erros cometidos na aplicación dos conceptos de xogo na etapa de tecnificación, definindo as causas que o provocan e modificando estratexias de corrección axeitadas para esta etapa.

h) Deseñáronse tarefas de adestramento dos conceptos do xogo, nunha situación debidamente caracterizada de xogo reducido na etapa de tecnificación, citando os criterios utilizados.

i) Demostráronse recursos metodolóxicos e demostrativos de adestramento nas situacións de xogo reducido, comparando o rendemento que ofrecen estes na súa posta en práctica.

j) Valorouse a importancia das situacións de xogo reducido na mellora e perfeccionamento técnico-táctico do/da xogador/a.



2. Analiza e perfecciona as habilidades técnicas ofensivas do/da xogador/a nas etapas de tecnificación, describindo os estándares de execución nesta etapa, aplicando técnicas de identificación e corrección de erros, deseñando e adaptando tarefas de aprendizaxe, e aplicando metodoloxías específicas de explicación ou demostración.

a) Explicáronse as habilidades técnicas ofensivas propias do baloncesto na etapa de tecnificación.

b) Comparáronse e distinguíronse as habilidades técnicas ofensivas do/da xogador/a exterior e as do/da xogador/a interior na etapa de tecnificación, describindo as súas características, e identificándoas nas accións de xogo.

c) Describíronse os estándares de execución de cada unha das habilidades ofensivas para a etapa de tecnificación.

d) Discrimináronse os erros máis frecuentes na execución das habilidades técnicas ofensivas, relacionándoos coas posibles causas e aplicando estratexias de corrección e asimilación.

e) Aplicáronse os recursos metodolóxicos e demostrativos para facilitar o perfeccionamento das habilidades técnicas ofensivas.

f) Aplicáronse tarefas de adestramento das habilidades técnicas ofensivas propias da etapa de tecnificación.

g) Valorouse a importancia de perfeccionar as habilidades técnicas ofensivas propias do baloncesto na etapa de tecnificación, comezando a especializar por posicións exteriores e interiores, aínda sen excluír a polivalencia de recursos do/da xogador/a.

3. Analiza e perfecciona as habilidades técnicas defensivas do/da xogador/a nas etapas de tecnificación, describindo os estándares de execución nesta etapa, aplicando técnicas de identificación e corrección de erros, deseñando e adaptando tarefas de aprendizaxe, e aplicando metodoloxías específicas de explicación ou demostración.

a) Explicáronse as habilidades técnicas defensivas propias do baloncesto na etapa de tecnificación.

b) Comparáronse e distinguíronse as habilidades técnicas defensivas do/da xogador/a exterior e as do/da xogador/a interior na etapa de tecnificación, describindo as súas características, e identificándoas nas accións de xogo.

c) Describíronse os estándares de execución de cada unha das habilidades defensivas para a etapa de tecnificación.

d) Discrimináronse os erros máis frecuentes na execución das habilidades



técnicas defensivas do/da xogador/a na etapa de tecnificación, relacionándoos coas posibles causas e aplicando estratexias de corrección e asimilación.

e) Aplicáronse os recursos metodolóxicos e demostrativos para facilitar o perfeccionamento das habilidades técnicas defensivas.

f) Aplicáronse tarefas de adestramento das habilidades técnicas defensivas propias da etapa de tecnificación.

g) Valorouse a importancia de perfeccionar as habilidades técnicas defensivas propias do baloncesto na etapa de tecnificación, valorando a polivalencia defensiva que permita solucionar calquera situación ao/á xogador/a.

4. Analiza e perfecciona o talento dos/das xogadores/as de baloncesto, describindo as características individuais que presenten, aplicando técnicas de identificación do talento de cada xogador/a e deseñando tarefas para adestralo/a.

a) Identificáronse as características baloncestísticas que definen o talento deportivo.

b) Diferenciáronse os conceptos talento do/da xogador/a e xogador/a con talento.

c) Deseñáronse tarefas para construír un adestramento de desenvolvemento do talento dun/dunha xogador/a.

d) Expuxéronse baterías para identificar o talento dun/dunha xogador/a.

e) Enumeráronse as características biolóxicas, morfolóxicas e antropométricas propias dun/dunha xogador/a de baloncesto con talento.

f) Aplicáronse estratexias de desenvolvemento do talento dun/dunha xogador/a no xogo colectivo.

g) Describíronse as características físicas e psicolóxicas dun/dunha xogador/a, diferenciando aquelas que identifican a un/unha xogador/a con talento nestas facetas.

h) Valorouse a importancia de detectar o talento de cada xogador/a.

Contidos básicos

1. Examina e perfecciona a capacidade de xogo do/da deportista na etapa de tecnificación, explicando os conceptos a partir do xogo reducido, así como os procesos de acción-reacción que resultan, aplicando técnicas de identificación e corrección de erros, modificando e construíndo tarefas de aprendizaxe e aplicando metodoloxías específicas de explicación ou demostración.



- Etapa de tecnificación.
 - Obxectivos.
 - Orientación xeral da etapa.
 - Fundamentos individuais e colectivos.
- Categoría cadete.
- Categoría júnior.
- Capacidade de xogo en etapas de tecnificación.
 - Capacidade de pase.
 - Capacidade de ampliación atencional.
 - Capacidade de anticipación.
 - Capacidade de tiro.
 - Capacidade de xogo sen balón.
 - Capacidade de rebote.
 - Capacidade de desprazamento.
- Situacións de xogo reducidas.
 - Un/unha contra un/unha na etapa de tecnificación.
 - Ataque con balón.
 - Xogador/a interior.
 - Xogador/a exterior.
 - Traballo específico do/da xogador/a exterior.
 - Ataque sen balón.
 - Traballar a favor do balón.
 - Traballar para o balón.
 - Traballar para un/unha compañeiro/a.
 - Ler vantaxes/desvantaxes.



- Defensa dun/dunha contra un/unha.
 - Consideracións defensivas.
 - Defensa ao/á xogador/a con balón.
 - Defensa ao/á xogador/a sen balón.
 - Toma de decisións na defensa dun/unha contra un/unha.
- Adestramento dun/unha contra un/unha.
 - Tarefas e criterios de elaboración.
 - Recursos metodolóxicos e demostrativos.
- Erros no un/unha contra un/unha na tecnificación: tipos, causas, criterios de identificación e estratexias de corrección.
- Ataque e defensa do dous/dúas contra dous/dúas na etapa de tecnificación.
 - Opcións de 2x2 segundo os/as xogadores/as.
 - Dous/dúas contra dous/dúas con dous/dúas xogadores/as exteriores.
 - Dous/dúas contra dous/dúas cun/cunha exterior e un/unha interior.
 - Dous/dúas contra dous/dúas con dous/dúas xogadores/as interiores.
 - Opcións tácticas no 2x2.
 - Aclarado.
 - Pasar e cortar.
 - Cortes desde o lado contrario ao balón.
 - Dividir e dobrar (penetrar e ceder).
 - Pase man a man.
 - Bloqueo directo.
 - Adestramento do dous/dúas contra dous/dúas.
 - Tarefas e criterios de elaboración.
 - Recursos metodolóxicos e demostrativos.



- Erros no dous/dúas contra dous/dúas na tecnificación: tipos, causas, criterios de identificación e estratexias de corrección.

- Ataque e defensa do tres contra tres na etapa de tecnificación.

- Opcións de 3x3 segundo os/as xogadores/as.

- Dous/dúas exteriores e un/unha interior.
- Un/unha exterior e dous/dúas interiores.
- Tres exteriores.
- Tres interiores.

- Opcións tácticas no 3x3.

- Bloqueos indirectos.
- Triangular pases.
- Pasar, cortar e substituír.
- Cruces (cortes de aleiros/as).
- Pantalla.

- Adestramento do tres contra tres.

- Tarefas e criterios de elaboración.
- Recursos metodolóxicos e demostrativos.

- Erros no tres contra tres na tecnificación: tipos, causas, criterios de identificación e estratexias de corrección.

- Ataque e defensa da superioridade numérica na etapa de tecnificación.

- Finalización de contraataque.

- 2x1.
- 3x1.
- 3x2.
- 4x3.



- Adestramento e recursos metodolóxicos e demostrativos das situacións de superioridade na tecnificación.
- Erros en situacións de superioridade na tecnificación: tipos, causas, criterios de identificación e estratexias de corrección.
- Ataque e defensa da inferioridade numérica na etapa de tecnificación.
 - 1x2.
 - Defensa *trap*.
 - Ataque do *trap*.
 - Adestramentos e recursos metodolóxicos e demostrativos das situacións de inferioridade na tecnificación.
 - Erros en situacións de inferioridade na tecnificación: tipos, causas, criterios de identificación e estratexias de corrección.
- Xogadores/as preparados/as para todo.
- Proceso de acción-reacción no xogo.
 - O/a xogador/a con balón.
 - Sen defensor/a directo/a.
 - Fixar a un/unha defensor/a.
 - Xogar para canastra.
 - Ante un/unha defensor/a directo/a.
 - De cara ao aro.
 - De costas ao aro.
 - Ante dous/dúas defensores/as.
 - De cara ao aro.
 - De costas ao aro.
 - O/a xogador/a sen balón.
 - Sen defensor/a directo/a.
 - Ocupar espazos libres.



- Crear vantaxes activas.
- Ante un/unha defensor/a directo/a.
 - Xogo en movemento.
 - Xogo posicional.
 - Se ao/á xogador/a con balón lle fan un 2c1.
 - Segundo o obxectivo do xogo.

2. Analiza e perfecciona as habilidades técnicas ofensivas do/da xogador/a nas etapas de tecnificación, describindo os estándares de execución nesta etapa, aplicando técnicas de identificación e corrección de erros, deseñando e adaptando tarefas de aprendizaxe, e aplicando metodoloxías específicas de explicación ou demostración.

- Habilidades técnicas ofensivas en baloncesto para etapas de tecnificación.

- Xogo sen balón básico.

- Consideracións técnicas e estándares de execución.
 - Pivote interior.
 - Pivote exterior.
 - Pivote de circulación ou «envolver».
 - Desmarque.
 - Desmarque por fintas de recepción.
 - Engano interior-recepción interior.
 - Recepción.
 - Desmarque por finta de autobloqueo.
 - Finta de autobloqueo de cara.
 - Autobloqueo en reverso.
 - Recepción en estático.
 - Recepción en movemento.
- Utilización táctica do xogo sen balón.



- Ocupación de espazos.
 - Gañar unha posición exterior.
 - En estático.
 - Posición preferente con relación a un pase interior.
 - En movemento.
 - Dividir a defensa.
 - Desmarcarse.
 - Gañar unha posición interior.
 - En estático.
 - Posición preferente con relación a un pase lateral exterior.
 - Posición preferente con relación a un pase vertical exterior.
 - En movemento.
 - Pivotar.
- Pivotes.
 - Pivote directo ou ventral.
 - Pivote reverso ou dorsal.
 - Utilización táctica dos pivotes.
 - Estándares de execución.
- Paradas.
 - Parada combinada.
 - Utilización táctica das paradas segundo a posición do/da defensor/a.
 - Estándares de execución.
- Arrancadas.
 - Contrapé.
 - Utilización táctica das arrancadas.



- Estándares de execución.
- *Dribbling.*
 - Consideracións técnicas e estándares de execución.
 - Tipos de bote.
 - Bote para mellorar o ángulo de pase.
 - Bote de división.
 - Bote de escape.
- Pases.
 - Consideracións técnicas e estándares de execución.
 - Pases periféricos.
 - Pases penetrantes.
 - Tipos de pases.
 - Pase lateral a unha man.
 - Pase polas costas.
 - Pase man a man.
 - Pase despois de pivotar.
 - Utilización táctica do pase.
 - Primeiro pase de contraataque.
 - Pases interiores.
 - Utilización dos pivotes previos ao pase.
 - Utilización do bote e as fintas.
- Lanzamentos a canastra.
 - Consideracións técnicas e estándares de execución.
 - Lanzamentos en carreira.
 - Detalles.



- Accións anteriores ao lanzamento.
 - Apoios.
 - Man de tiro.
 - Forma de tiro.
- Lanzamento a canastra pasada.
- Tiro en elevación.
- Lanzamento en estático.
- Tiro en suspensión.
- Tiro de tres puntos.
- Palmeo.
- Tiro de gancho.
- Tiro de semigancho en suspensión.
- Utilización táctica do lanzamento.
- Secuencia de selección de tiro.
- Fintas.
 - Consideracións xerais e estándares de execución.
 - Fintas de cabeza.
 - Fintas de pernas.
 - Finta de penetración cara a diante.
 - Fintas de saída.
 - Finta de saída aberta e saída aberta.
 - Finta de saída aberta e saída cruzada.
 - Finta de saída e tiro.
 - Finta de saída aberta e saída en reverso.
 - Finta de saída en reverso e saída aberta.



- Utilización táctica das fintas.
- Rebote ofensivo.
 - Consideracións técnicas e estándares de execución.
 - Utilización táctica do rebote ofensivo.
 - A acción de ir ao rebote de ataque.
 - A loita polo camiño.
- Ángulos.
 - Consideracións técnicas e estándares de execución.
 - Tipos de ángulos.
 - Ángulos de pase.
 - Ángulos de xogo.
 - Ángulos de bloqueo.
 - Segundos ángulos de bloqueo.
 - Utilización táctica dos ángulos.
- Elaboración de tarefas de adestramento das habilidades técnicas ofensivas en etapas de tecnificación e criterios para a súa elaboración.
- Erros máis frecuentes nas execucións de habilidades técnicas ofensivas en etapas de tecnificación.
 - Criterios na identificación de erros nas habilidades técnicas ofensivas en tecnificación.
 - Causas dos erros máis frecuentes nas habilidades técnicas ofensivas en etapas de tecnificación e estratexias de corrección.
- Recursos metodolóxicos e de demostración no ensino das habilidades técnicas ofensivas en etapas de tecnificación.

3. Analiza e perfecciona as habilidades técnicas defensivas do/da xogador/a nas etapas de tecnificación, describindo os estándares de execución nesta etapa, aplicando técnicas de identificación e corrección de erros, deseñando e adaptando tarefas de aprendizaxe, e aplicando metodoloxías específicas de explicación ou demostración.



- Habilidades técnicas defensivas en baloncesto en etapas de tecnificación.
 - Xeneralidades.
 - Aptitude física.
 - Vontade.
 - Espírito de traballo en equipo.
 - Roles dos/das xogadores/as en defensa.
 - Fintas defensivas.
 - Consideracións técnicas e estándares de execución.
 - Defensa do/da xogador/a con balón.
 - Consideracións técnicas e estándares de execución.
 - Defensa do/da atacante con balón que non iniciou o bote.
 - Paso de ataque.
 - Paso atrás.
 - Paso deslizado.
 - Defensa do/da atacante con balón que está a botar.
 - Defensa contida.
 - Defensa invasora.
 - Defensa táctica.
 - Defensa ao/á xogador/a sen balón.
 - Consideracións técnicas e estándares de execución.
 - Defensa de posición.
 - Defensa aberta.
 - Defensa pechada.
 - Outros conceptos importantes.
 - Defensa de actitude.



- Recuperación da posición defensiva.
- Defensa das posicións interiores a atacantes sen balón.
 - Defensa por detrás.
 - Defensa en tres cuartos polo lado balón.
 - Defensa en tres cuartos polo lado contrario.
 - Defensa por diante.
 - Axuste en función do movemento de balón.
- Principios e normas defensivas.
 - Defensa para os/as xogadores/as situados/as no lado forte.
 - Presión ao/á xogador/a con balón.
 - Deter as penetracións.
 - Saltar para axudar dentro.
 - Defensa para os/as xogadores/as situados/as no lado de axuda.
 - Cando o balón está por debaixo da liña de tiros libres.
 - Cando o balón está por riba da liña de tiros libres.
 - Cando se produce unha penetración desde o lado forte.
 - Ao producirse unha primeira axuda.
- Outras consideracións importantes.
 - Comunicación motriz.
 - Comunicación verbal defensiva.
 - Picardía.
- Movementos de risco.
 - Consideracións técnicas e estándares de execución.
- Roubo de balón.
- Tapón.



- Tapón frontal.
 - Tapón lateral.
 - Tapón posterior.
 - Interceptación do pase.
 - Falta de ataque.
 - Elaboración de tarefas de adestramento das habilidades técnicas defensivas en etapas de tecnificación e criterios para a súa elaboración.
 - Erros máis frecuentes nas execucións de habilidades técnicas defensivas en etapas de tecnificación.
 - Criterios na identificación de erros nas habilidades técnicas defensivas na tecnificación.
 - Causas dos erros máis frecuentes nas habilidades técnicas defensivas en etapas de tecnificación e estratexias de corrección.
 - Estratexias de corrección de erros das habilidades técnicas defensivas en etapas de tecnificación.
 - Recursos metodolóxicos e de demostración no ensino das habilidades técnicas defensivas en etapas de tecnificación.
4. Analiza e perfecciona o talento dos/das xogadores/as de baloncesto, describindo as características individuais que presenten, aplicando técnicas de identificación do talento de cada xogador/a e deseñando tarefas para adestralos/as.
- O talento deportivo.
 - Adestrar xogadores/as con talento.
 - Baterías de identificación do talento do/da xogador/a.
 - Elementos básicos a considerar na detección do talento.
 - Características biolóxicas.
 - Características morfolóxicas e antropométricas.
 - Determinación da idade biolóxica.
 - Capacidades físicas.



- Características psicolóxicas.

Módulo específico de ensino deportivo: Dirección de equipos na etapa de tecnificación

Código: MED-BCBC202

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Xestiona as relacións dentro dun equipo na etapa de tecnificación, analizando as características psicosociais dos/das xogadores/as nesta etapa, describindo as habilidades do/da adestrador/a de baloncesto e as funcións do seu equipo técnico, aplicando técnicas e dinámicas de grupo.

a) Describíronse as diferentes capacidades que conforman as competencias do/da adestrador/a de baloncesto.

b) Explicáronse as características psicosociais dos/das xogadores/as na etapa de tecnificación.

c) Identificáronse, en supostos debidamente caracterizados, as habilidades comunicativas e os conceptos de control emocional presentes en adestradores/as de baloncesto.

d) Analizáronse as funcións e as relacións do/da adestrador/a e do/da adestrador/a axudante dun equipo de baloncesto.

e) Analizáronse as técnicas e as dinámicas de grupo, relacionándoas co obxectivo proposto.

f) Elaborouse un regulamento interno axeitado para o equipo de baloncesto na etapa de tecnificación.

g) Describíronse os obxectivos dos equipos de baloncesto na etapa de tecnificación.

h) Valorouse a importancia dunha correcta xestión dun equipo de baloncesto para un bo funcionamento deste.

i) Valorouse a importancia da cohesión dentro dun equipo para a mellora do seu rendemento.

2. Dirixe partidos e competicións na etapa de tecnificación, utilizando unha linguaxe avanzada específica de baloncesto e a súa terminoloxía en inglés, xestionando e aplicando os criterios avanzados de actuación e de toma de decisións nos diferentes momentos do partido nesta etapa.

a) Explicáronse as consideracións importantes da dirección de partidos de



baloncesto na etapa de tecnificación.

b) Comparáronse os diferentes momentos dun partido de baloncesto, en canto a tarefas a realizar e aspectos a considerar como persoal técnico.

c) Aplicáronse, en supostos debidamente caracterizados, estratexias a levar a cabo como persoal técnico nos diferentes momentos dun partido na etapa de tecnificación.

d) Clasificáronse as actitudes e as reaccións do/da adestrador/a ante fallos e acertos dos/das xogadores/as.

e) Describíronse os criterios avanzados de comportamento do persoal técnico en diferentes momentos dun partido na etapa de tecnificación.

f) Utilizáronse criterios avanzados, en supostos debidamente caracterizados, para xustificar un cambio ou un tempo morto nun partido na etapa de tecnificación.

g) Aplicáronse criterios de actuación ante situacións imprevistas ou especiais nun partido na etapa de tecnificación.

h) Describíronse diferentes conceptos propios da linguaxe específica do baloncesto.

i) Utilizouse a terminoloxía específica en inglés a partir dunha situación táctica representada graficamente.

j) Describíronse os aspectos básicos que configuran a imaxe do/da adestrador/a de baloncesto.

k) Xustificouse a importancia de mostrar valores como persoal técnico durante os partidos e as competicións na etapa de tecnificación.

3. Analiza e interpreta información recollida mediante a observación do xogo (*scouting*) na etapa de tecnificación, desde algunhas fontes, aplicando a mecánica de observación, e utilizando as ferramentas e recursos tecnolóxicos avanzados de recollida, rexistro e interpretación.

a) Describiuse o *scouting* en baloncesto e o rol de *scouter*.

b) Clasificáronse as habilidades do/da bo/boa observador/a do xogo en baloncesto.

c) Describiuse o proceso mecánico de observación en baloncesto.

d) Aplicáronse as habilidades de observación ante situacións reais gravadas en vídeo.



e) Identificáronse os parámetros avanzados a observar na etapa de tecnificación.

f) Aplicouse o proceso mecánico de observación ante un suposto práctico concreto da etapa de tecnificación.

g) Describíronse os recursos tecnolóxicos avanzados e as ferramentas avanzadas en baloncesto.

h) Utilizáronse as fontes de información avanzadas en baloncesto para obter datos e poder solucionar supostos prácticos debidamente caracterizados.

i) Comparáronse os tipos de rexistro de datos en baloncesto.

j) Diferenciáronse os termos análise e interpretación de estatísticas e rexistros en baloncesto.

k) Valorouse a observación como tarefa importante do/da adestrador/a de baloncesto na etapa de tecnificación.

4. Participa e colabora coa xestión de clubs afeccionados e a súa dirección deportiva, coñecendo a lexislación desta etapa, o réxime disciplinario e o marco laboral básico do/da adestrador/a.

a) Describíronse os procesos e os procedementos de xestión de clubs de baloncesto afeccionado.

b) Nomeáronse as características dun club de baloncesto afeccionado.

c) Aplicáronse os procesos de xestión dun club afeccionado nunha simulación de creación e posta en marcha dun deles.

d) Identificouse a lexislación de baloncesto aplicable á etapa de tecnificación.

e) Explicouse o réxime disciplinario en baloncesto.

f) Describiuse o marco laboral básico do/da adestrador/a de baloncesto.

g) Describíronse as funcións e as características do/da directora/a deportivo/a de clubs afeccionado.

h) Analizáronse, a partir de supostos debidamente caracterizados, as accións a levar a cabo por parte do/da directora/a deportivo/a dun club afeccionado.

i) Valorouse a importancia do respecto á normativa e ao réxime disciplinario dun club afeccionado.

5. Participa e organiza competicións de baloncesto, contrastando os procesos,



analizando as súas características e completando os recursos necesarios, interpretando ademais os procedementos de arbitraje e o regulamento de baloncesto que se aplica.

a) Explicáronse os pasos a dar na organización dunha competición de baloncesto.

b) Elaborouse o sistema dunha competición de baloncesto, a partir dun suposto práctico debidamente caracterizado.

c) Describíronse as características dunha competición de baloncesto.

d) Enumeráronse os recursos necesarios na organización dunha competición de baloncesto.

e) Interpretouse a mecánica de arbitraje en competicións da etapa de tecnificación.

f) Explicáronse as normas e o articulado do regulamento de baloncesto.

g) Xustificouse a importancia de coñecer as regras de baloncesto.

h) Valorouse o coñecemento do labor arbitral e dos/das auxiliares de mesa en baloncesto.

Contidos básicos

1. Xestiona as relacións dentro dun equipo na etapa de tecnificación, analizando as características psicosociais dos/das xogadores/as nesta etapa, describindo as habilidades do/da adestrador/a de baloncesto e as funcións do seu equipo técnico, aplicando técnicas e dinámicas de grupo.

- Obxectivos do/da adestrador/a de baloncesto de equipos na etapa de tecnificación.

- Capacidades de cada unha das competencias básicas do/da adestrador/a de baloncesto.

- Características psicosociais dos/das xogadores/as na etapa de tecnificación.

- Habilidades comunicativas avanzadas do/da adestrador/a de baloncesto.

- Conceptos avanzados de control emocional do/da adestrador/a de baloncesto.

- Liderado.

- Empatía.



- Autoridade.
- Habilidades sociais.
- Motivación.
- Construción de equipos de baloncesto.
 - Obxectivos dos equipos na etapa de tecnificación.
 - O/a adestrador/a de baloncesto.
 - Funcións do/da adestrador/a.
 - Relacións do/da adestrador/a con outros/as.
 - O/a adestrador/a axudante de baloncesto.
 - Funcións do/da adestrador/a axudante.
 - Relacións do/da adestrador/a axudante con outros/as.
 - Outros/as integrantes do equipo técnico dun equipo de baloncesto.
 - Técnicas e dinámicas de grupo nun equipo de baloncesto na etapa de tecnificación.
 - Traballo en equipo na etapa de tecnificación.
 - Cohesión dun equipo de baloncesto na etapa de tecnificación.
 - Competitividade dun equipo de baloncesto na etapa de tecnificación.
 - Afectividade nun equipo de baloncesto na etapa de tecnificación.
 - Mecanismos de control do grupo de xogadores/as dun equipo de baloncesto na etapa de tecnificación.
 - Resolución de problemas nun equipo de baloncesto na etapa de tecnificación.
 - Normativa e regulamento dun equipo de baloncesto na etapa de tecnificación.
 - Normas dun equipo de baloncesto na etapa de tecnificación.
 - Regulamento interno dun equipo de baloncesto na etapa de tecnificación.



2. Dirixe partidos e competicións na etapa de tecnificación, utilizando unha linguaxe avanzada específica de baloncesto e a súa terminoloxía en inglés, xestionando e aplicando os criterios avanzados de actuación e de toma de decisións nos diferentes momentos do partido nesta etapa.

- Dirección de partidos de baloncesto na etapa de tecnificación: consideracións importantes.

- Momentos dun partido.
 - Preparación dun partido: criterios avanzados.
 - Traballo durante un partido: criterios avanzados.
 - Alternativas do/da adestrador/a: criterios avanzados.
 - Estratexias do final de partido: criterios avanzados.
 - Actuación e análise post-partido: criterios avanzados.
- Toma de decisións nun partido.
 - Actitudes e reaccións ante fallos e acertos dos/das xogadores/as.
 - Utilización de tempos mortos: criterios avanzados.
 - Utilización de cambios: criterios avanzados.
 - Utilización do regulamento interno.
 - Utilización dos descansos.
 - Actuación ante situacións especiais.
 - Actuación ante imprevistos.
 - Lesións, pelexas e outros.
- Desenvolvemento persoal do/da adestrador/a de baloncesto.
 - Valores do/da adestrador/a de baloncesto.
 - Vocabulario técnico específico de baloncesto en inglés.
 - Imaxe e comportamento do/da adestrador/a de baloncesto.
 - Linguaxe específica avanzada de baloncesto.

3. Analiza e interpreta información recollida mediante a observación do xogo



(*scouting*) na etapa de tecnificación, desde algunhas fontes, aplicando a mecánica de observación, e utilizando as ferramentas e recursos tecnolóxicos avanzados de recollida, rexistro e interpretación.

- Lectura e observación do xogo.
 - O/a adestrador/a como observador/a do xogo en baloncesto.
 - O *scouting* e o *scouter* en baloncesto.
 - Habilidades do/da bo/boa observador/a do xogo en baloncesto.
 - A observación como anticipación.
- Mecánica de observación.
 - Proceso mecánico.
 - Aspectos a observar na etapa de tecnificación: parámetros avanzados.
- Tipos de observación.
 - Reais.
 - Visionados.
 - Informes.
- Fontes de información avanzadas en baloncesto.
 - Adestradores/as.
 - Entrevistas.
 - Programas informáticos.
 - Redes sociais especializadas.
- Recursos tecnolóxicos avanzados aplicados á observación do xogo en baloncesto.
 - Programas de edición de vídeo.
 - Aplicacións de ofimática e presentacións.
 - Xestores de almacenamento de datos.
- Ferramentas avanzadas para a obtención de datos.



- Montaxes de vídeo básicos.
- Estatísticas avanzadas.
- Rexistro de datos de baloncesto con ferramentas avanzadas.
 - Rexistro cuantitativo.
 - Rexistro cualitativo.
 - Análise e interpretación de estatísticas e rexistros en baloncesto.

4. Participa e colabora coa xestión de clubs afeccionados e a súa dirección deportiva, coñecendo a lexislación desta etapa, o réxime disciplinario e o marco laboral básico do/da adestrador/a.

- Xestión de clubs de baloncesto afeccionado.
 - Creación de clubs afeccionados.
 - Organigrama de clubs afeccionados.
 - Funcionamento e organización dun club afeccionado.
 - Roles dos/das responsables dun club afeccionado.
 - Xestión institucional e representativa dun club afeccionado.
- Leis, decretos e normativas de baloncesto para a etapa de tecnificación.
 - Lexislación de ámbito estatal.
 - Lexislación deportiva xeral.
 - Regulamento xeral de competicións.
 - Regulamento autonómico.
- Réxime disciplinario en baloncesto.
- Marco laboral básico do/da adestrador/a de baloncesto.
- Dirección deportiva de clubs de baloncesto afeccionado.
 - Funcións.
 - Características.
 - Xestión deportiva dun club afeccionado.



- Colaboración co equipo técnico dun club afeccionado.
- Relacións con diferentes estamentos dun club afeccionado.

5. Participa e organiza competicións de baloncesto, contrastando os procesos, analizando as súas características e completando os recursos necesarios, interpretando ademais os procedementos de arbitraje e o regulamento de baloncesto que se aplica.

- Organización e xestión de eventos de baloncesto na etapa de tecnificación.
 - Tipoloxía de eventos de baloncesto na etapa de tecnificación.
 - Organización dun evento de baloncesto na etapa de tecnificación: paso a paso.
 - Recursos humanos e materiais nun evento de baloncesto na etapa de tecnificación.
 - Loxística dun evento de baloncesto na etapa de tecnificación.
- Arbitraje e regulamento.
 - Mecánica de arbitraje en competicións da etapa de tecnificación.
 - Árbitro/a de cabeza.
 - Árbitro/a de cola.
 - Auxiliares de mesa.
- Regulamento de baloncesto.
 - Normas.
 - Articulado.
 - Diferenzas entre regulamento de minibasket, de pasarela e de baloncesto.

Módulo específico de ensino deportivo: Adestramento en baloncesto

Código: MED-BCBC203

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Elabora a sesión de adestramento e o programa de tecnificación individualizado, na etapa de tecnificación en baloncesto a partir da planificación de referencia, adaptando os diferentes ciclos de adestramento, e creando e/ou modificando actividades e tarefas que se axusten ás características psicomotrices



dos/das xogadores/as de baloncesto.

a) Elaborouse unha sesión de adestramento, estruturando as súas partes, para equipos na etapa de tecnificación.

b) Elaborouse un programa individual de mellora de xogadores/as na etapa de tecnificación, a partir dunhas características psicomotrices concretas.

c) Explicáronse os principios metodolóxicos fundamentais na elaboración das sesións de adestramento en baloncesto.

d) Comparáronse as características psicomotrices dos/das xogadores/as de baloncesto na etapa de tecnificación.

e) Cuantificouse a carga dunha sesión de adestramento, a partir dun modelo de referencia, e a súa relación coa planificación e os diferentes tipos de ciclos de adestramento en baloncesto.

f) Modificáronse, a partir dunha planificación de referencia, os ciclos previstos en función das consideracións da tempada dun equipo de baloncesto na etapa de tecnificación, detectando os erros que se aprecian.

g) Elaborouse unha sesión dun equipo na etapa de tecnificación, a partir dun suposto práctico no que se establezan as condicións de partida e o momento da programación.

h) Elaborouse unha sesión integrando as ciencias do adestramento (preparación física e psicolóxica), dentro da planificación de referencia.

i) Deseñouse unha tarefa a incorporar nunha sesión de adestramento en etapas de tecnificación en baloncesto, a partir dun suposto práctico no que se establezan as características da programación de referencia.

j) Modificouse unha tarefa para xogadores/as en etapa de tecnificación, experimentando con diferentes condicionantes, mecanismos e variables, explicando os cambios que van xerar na práctica.

k) Describíronse as especificidades do adestramento da preparación física e psicolóxica na etapa de tecnificación en baloncesto.

l) Xustificouse a importancia da planificación para sistematizar o proceso de adestramento en baloncesto, e así controlar a mellora tanto dos/das xogadores/as como do equipo.

2. Dirixe a sesión nas etapas de tecnificación en baloncesto, utilizando técnicas de organización e control da sesión, ofrecendo o coñecemento de resultados máis apropiado para esta etapa.



a) Enumeráronse elementos fundamentais na organización da sesión de baloncesto na etapa de tecnificación.

b) Demostrouse a técnica de organización e control nunha actividade práctica proposta, incluída dentro dunha sesión de adestramento de baloncesto na etapa de tecnificación.

c) Explicáronse os obxectivos da organización e control do persoal técnico na dirección de sesións de adestramento de equipos en etapa de tecnificación.

d) Comparouse o coñecemento de resultados utilizado, a partir dunha situación presentada de baloncesto, xustificando as achegas que fan á mellora do/da xogador/a da etapa de tecnificación.

e) Aplicáronse, a partir de supostos presentados debidamente caracterizados da etapa de tecnificación, as técnicas organizativas máis convenientes.

f) Describíronse os procesos de control da sesión e das tarefas que a compoñen, nun adestramento para a etapa de tecnificación.

g) Adaptáronse as técnicas organizativas a partir da avaliación dunha sesión de adestramento realizada.

h) Valoráronse as técnicas organizativas a partir da avaliación do/da adestrador/a nunha sesión de adestramento realizada.

i) Valorouse a eficacia da organización do adestramento en canto a tempo de práctica útil dos/das xogadores/as.

3. Xestiona a prevención de lesións e patoloxías propias da práctica do baloncesto na etapa de tecnificación, examinando os factores que condicionan as lesións, aplicando as medidas preventivas e promovendo prácticas deportivas saudables.

a) Describíronse os factores que condicionan as lesións na práctica do baloncesto.

b) Utilizáronse as medidas preventivas sobre un caso proposto debidamente caracterizado de baloncesto na etapa de tecnificación.

g) Mantívose unha actitude clara de respecto ás instalacións nas actividades desenvolvidas e aplicáronse as normas internas e externas vinculadas a ela.

2. Actúa con autonomía, iniciativa e responsabilidade no posto de traballo, demostrando comportamento ético, habilidades persoais de comunicación, traballo en equipo, respecto polas instalacións e aplicando os procedementos establecidos polo centro deportivo de prácticas.

a) Identificáronse os requirimentos actitudinais do posto de traballo.

b) Interpretáronse e cumpríronse as instrucións recibidas, e responsabilizouse do traballo asignado.

c) Demostrouse compromiso co traballo ben feito e coa calidade do servizo, así como respecto aos procedementos e principios propios do club ou entidade deportiva.

d) Demostrouse capacidade de traballo en equipo e respecto á xerarquía establecida no club ou entidade deportiva.

e) Estableceuse unha comunicación e relación eficaz co persoal técnico responsable da actividade e os/as integrantes do equipo, mantendo un trato fluído e correcto.

f) Coordinouse co resto do equipo técnico, informando de calquera cambio, necesidade relevante ou imprevisto que se presente na actividade.

g) Valoráronse os comportamentos doutro persoal técnico do centro de prácticas, identificando aqueles máis beneficiosos para a marcha da actividade deportiva.

3. Controla a seguridade na práctica de tecnificación deportiva en baloncesto, supervisando as instalacións e os medios utilizados, interpretando a normativa e aplicando os procedementos e os protocolos de acordo coa normativa e instrucións establecidas.



a) Identificáronse os aspectos básicos de seguridade, plans de emerxencia e evacuación das instalacións deportivas do centro de prácticas e a súa adecuación á normativa de aplicación.

b) Identificáronse as normas de aplicación á seguridade das instalacións deportivas do centro deportivo de prácticas de baloncesto.

c) Aplicáronse medidas de sinalización de seguridade, de protección contra actos antisociais e de violencia do deporte e os plans de emerxencia e evacuación da instalación deportiva de baloncesto, seguindo as instrucións e normas establecidas.

d) Actuouse atendendo á seguridade persoal, do equipo de traballo e das persoas usuarias, cumprindo coa normativa vixente e cos protocolos establecidos no centro deportivo de prácticas.

e) Aplicáronse ou utilizáronse os equipos de prevención de riscos laborais propios da tecnificación deportiva en baloncesto.

f) Aplicáronse os aspectos fundamentais da lei de prevención de riscos laborais, relacionados coas actividades, competicións e eventos da iniciación deportiva en baloncesto.

g) Identificáronse e aplicáronse as medidas de protección da instalación deportiva de baloncesto e a súa adecuación á normativa vixente.

h) Mantívose unha actitude clara de respecto ao ambiente nas actividades desenvolvidas e aplicáronse as normas internas e externas vinculadas a ela.

i) Aplicáronse as medidas de seguridade respecto á vestimenta e o calzado dos/das deportistas para a práctica segura de baloncesto.

j) Supervisouse o axeitado estado das canastras e da cancha de baloncesto para facilitar a práctica segura do baloncesto.

4. Organiza, acompaña e dirixe os/as deportistas na súa participación en actividades, competicións e outros eventos de tecnificación deportiva en baloncesto, transmitindo actitudes e valores, persoais e sociais, propios da ética deportiva, respecto ás demais persoas, ao contorno e ao propio corpo, ao xogo limpo e ao traballo en equipo.

a) Realizouse a inscrición do equipo nunha competición de tecnificación deportiva en baloncesto, de acordo coas normas e os protocolos establecidos.

b) Realizáronse as operacións de xestión do seguro de accidente e actividade dun equipo de baloncesto que participan nunha competición, de acordo coas instrucións e normas recibidas.



c) Recoñeceuse e xustificouse a responsabilidade do persoal técnico nos desprazamentos dos/das xogadores/as dun equipo para asistir a unha competición.

d) Elaborouse o plan de viaxe dun equipo de baloncesto que participa nunha competición de tecnificación deportiva, aplicando as instrucións e procedementos establecidos.

e) Comprobouse a cobertura legal do equipo de baloncesto, durante a súa participación na competición, de acordo coa normativa establecida.

f) Informouse o equipo de baloncesto das características da competición, interpretando a documentación sobre esta.

g) Aplicáronse procedementos de reclamación nunha competición de tecnificación deportiva en baloncesto, aplicando as normas e os protocolos establecidos.

h) Aplicáronse criterios de valoración da execución técnico-táctica do/da xogador/a de baloncesto, utilizando técnicas e procedementos de observación axeitados ao nivel de tecnificación deportiva.

i) Trasladáronse os xogadores as instrucións técnicas e tácticas durante a competición de tecnificación deportiva, tendo en conta as características da competición e do/da xogador/a de baloncesto.

j) Acompañouse os/as deportistas nas competicións, aplicando os procedementos e seguindo as instrucións e normas establecidas.

k) Velouse polo respecto os valores do xogo limpo, o respecto á saúde persoal e ás demais persoas, durante a participación na competición de tecnificación deportiva en baloncesto, aplicando os procedementos axeitados e respectando as súas normas.

5. Adapta e concreta os programas, e dirixe as sesións de adestramento básico e perfeccionamento técnico en baloncesto, interpretando a información recibida, aplicando as técnicas e procedementos de acordo coas instrucións e normas establecidas, e colaborando na aplicación de técnicas de detección de talentos.

a) Identificáronse e seleccionáronse os medios e recursos necesarios para o desenvolvemento da actividade.

b) Recibiuse o/a xogador/a seguindo o protocolo establecido e identificando as súas demandas e necesidades.

c) Aplicáronse técnicas e protocolos de valoración técnica e da condición motriz propios do/da xogador/a do nivel de tecnificación deportiva en baloncesto, valorando o seu estado inicial, o grao de consecución dos obxectivos propostos e os erros cometidos.



d) Identificáronse e seleccionáronse os obxectivos técnicos e de preparación da condición motriz do/da xogador/a de baloncesto a partir da programación de referencia do centro deportivo.

e) Aplicáronse protocolos de control e cuantificación da carga de adestramento dun/dunha xogador/a ou dun equipo de baloncesto nas sesións de adestramento básico e perfeccionamento técnico en baloncesto.

f) Colaborouse na aplicación de técnicas de detección do talento propias do baloncesto.

g) Establecéronse as condicións de seguridade necesarias na tecnificación deportiva, interpretando as instrucións ou normas e aplicando os procedementos establecidos.

h) Elaborouse un ciclo ou etapa de preparación completa dun/dunha xogador/a ou dun equipo a partir da programación de referencia do centro deportivo, concretando:

1º.Obxectivos de preparación e/ou competición.

2º.Medios de adestramento.

3º.Instrumentos de control.

4º.Carga de traballo e a súa dinámica durante o ciclo.

5º.Métodos de adestramento.

6º.Sesións de adestramento.

e adecuándose ás características do/da xogador/a ou do equipo de baloncesto, e os medios de adestramento existentes.

i) Explicáronse os contidos da sesión de adestramento básico e perfeccionamento técnico en baloncesto seguindo os protocolos e técnicas establecidas de forma clara e motivadora.

j) Dirixiuse a sesión de adestramento básico e perfeccionamento técnico, solucionando as continxencias existentes, aplicando técnicas de dinámica de grupos e de motivación axeitadas ao/á xogador/a e ao equipo de baloncesto.

k) Valorouse o esforzo dos/das xogadores/as durante a sesión de adestramento, e a importancia do traballo ben feito para lograr cumprir os obxectivos dos programas ou sesións de adestramento básico e perfeccionamento técnico en baloncesto.

6. Organiza sesións de iniciación deportiva en baloncesto para persoas con



discapacidade, aplicando recursos que fomenten a súa participación en función das súas limitacións.

a) Valorouse a importancia de atender ás características únicas da persoa con discapacidade previamente á realización da práctica de baloncesto.

b) Orientouse as persoas con discapacidade cara ás prácticas deportivas máis axeitadas en cada caso.

c) Determináronse as axudas técnicas e as medidas de seguridade específicas segundo os diferentes tipos de discapacidade e as características da práctica deportiva de baloncesto.

d) Establecéronse as principais orientacións metodolóxicas en relación á comunicación e á participación na tarefa das persoas con discapacidade.

e) Aplicáronse procedementos de adaptación ou modificación das tarefas e xogos favorecendo a participación, a satisfacción e as posibilidades de éxito de persoas con discapacidade na práctica de baloncesto.

f) Identificáronse as principais limitacións cara á práctica provocadas pola falta de accesibilidade nas instalacións e espazos deportivos no centro deportivo de prácticas.

g) Examináronse as limitacións orixinadas pola falta de acceso á información da oferta deportiva de baloncesto e a difusión da práctica no centro deportivo de prácticas.

h) Propiciouse unha actitude positiva cara á inclusión por parte de compañeiros/as, persoal técnico, as propias familias e as institucións cara á práctica deportiva de baloncesto de persoas con discapacidade.

i) Valorouse a modalidade de baloncesto en cadeira de rodas como deporte de extraordinaria integración das discapacidades de tipo físico, e exemplo para deportistas e outros deportes.

7. Coordina o proceso de iniciación deportiva en baloncesto, elaborando as programacións de referencia, analizando a estrutura da escola de iniciación deportiva, e aplicando os procedementos e técnicas axeitadas.

a) Identificouse a estrutura e as funcións da escola de iniciación deportiva en baloncesto no centro deportivo de prácticas.

b) Realizáronse funcións e aplicáronse protocolos de coordinación do persoal técnico de iniciación deportiva en baloncesto no centro deportivo de prácticas.

c) Identificáronse as necesidades materiais e humanas da escola de iniciación deportiva en baloncesto do centro deportivo de prácticas.



d) Identificáronse os estándares técnicos do programa de iniciación deportiva en baloncesto do centro deportivo de prácticas.

e) Elaborouse un programa de iniciación deportiva en baloncesto de acordo coas características do grupo, do contorno, e a programación do centro deportivo de prácticas.

8. Colabora na organización de actividades e competicións de tecnificación deportiva en baloncesto, interpretando instrucións e normas relacionadas, identificando e preparando os medios necesarios e aplicando os procedementos establecidos.

a) Identificouse o calendario de actividades, eventos e competicións de iniciación ou tecnificación deportiva en baloncesto do centro deportivo de prácticas.

b) Seleccionouse a información necesaria na organización dun evento ou competición de iniciación ou tecnificación deportiva en baloncesto do centro deportivo de prácticas.

c) Realizáronse operacións de xestión e organización dos espazos, materiais e recursos humanos dun evento ou competición de iniciación ou tecnificación deportiva en baloncesto do centro deportivo de prácticas.

d) Aplicáronse técnicas de recollida de información sobre os aspectos organizativos e loxísticos dun evento ou competición de iniciación ou tecnificación deportiva en baloncesto do centro deportivo de prácticas.

e) Realizáronse operacións de distribución, situación, aloxamento e circulación dos/das participantes e do público asistente nun evento ou competición de iniciación ou tecnificación deportiva en baloncesto do centro deportivo de prácticas.

f) Realizáronse operacións de apoio administrativo á organización dun evento ou competición de iniciación ou tecnificación deportiva en baloncesto do centro deportivo de prácticas.

g) Elaboráronse os documentos informativos dun evento ou competición de iniciación ou tecnificación deportiva en baloncesto do centro deportivo de prácticas.

h) Xustificouse a importancia do traballo previo na organización de eventos ou competicións de iniciación ou tecnificación deportiva en baloncesto.

i) Valorouse a organización dun evento ou competición de baloncesto durante e ao final desta segundo os elementos analizados.

ANEXO IV

Ratio profesorado/alumnado



Bloque específico	Ratio profesorado/alumnado
Ciclo inicial	
MED-BCBC102. Formación do/da xogador/a en etapas iniciais.	1/30
MED-BCBC103. Dirección de equipos en etapas iniciais.	1/30
MED-BCBC104. Ensino do baloncesto.	1/30
MED-BCBC105. Táctica de ataque e defensa en etapas iniciais.	1/30
Ciclo final	
MED-BCBC201. Formación do/da xogador/a na etapa de tecnificación.	1/30
MED-BCBC202. Dirección de equipos na etapa de tecnificación.	1/30
MED-BCBC203. Adestramento en baloncesto.	1/30
MED-BCBC204. Táctica de ataque e defensa na etapa de tecnificación.	1/30
MED-BCBC205. Iniciación en baloncesto en cadeira de rodas.	1/30

ANEXO V

Acceso ao módulo de formación práctica

Acceso ao módulo de formación práctica	Módulos a superar
MED-BCBC106. Formación práctica.	Do bloque común do ciclo inicial: MED-C101. Bases do comportamento deportivo. MED-C102. Primeiros auxilios. Do bloque específico: MED-BCBC102. Formación do/da xogador/a en etapas iniciais. MED-BCBC103. Ensino do baloncesto.
MED-BCBC206. Formación práctica.	Do bloque común do ciclo final: MED-C201. Bases da aprendizaxe deportiva. MED-C202. Bases do adestramento deportivo. Do bloque específico: MED-BCBC201. Formación do/da xogador/a na etapa de tecnificación. MED-BCBC203. Adestramento en baloncesto.

ANEXO VI-A

Espazos e equipamentos mínimos do ciclo inicial

Espazos: ciclo inicial

Espazo formativo	Superficie m ² 30 alumnos/as	Superficie m ² 20 alumnos/as	Módulo de ensino deportivo
------------------	--	--	----------------------------



Aula polivalente	60 m ²	40 m ²	Módulos de ensino deportivo dos bloques común e específico do ciclo inicial.
Ximnasio	120 m ²	90 m ²	MED-C101. Bases do comportamento deportivo. MED-C102. Primeiros auxilios. MED-C103. Actividade física adaptada e discapacidade.
Espazo formativo			Módulo de ensino deportivo
Pista de baloncesto			MED-BCBC102. Formación do/da xogador/a en etapas iniciais. MED-BCBC103. Dirección de equipos en etapas iniciais. MED-BCBC104. Ensino do baloncesto. MED-BCBC105. Táctica de ataque e defensa en etapas iniciais.

Equipamentos: ciclo inicial

Equipamento da aula polivalente	Módulo de ensino deportivo
Equipos audiovisuais. Canón de proxección. PCs instalados en rede con conexión a internet. Software específico.	Módulos de ensino deportivo dos bloques común e específico do ciclo inicial.
Equipamento do ximnasio	Módulo de ensino deportivo
Manequíns de primeiros auxilios (persoa adulta e bebé). Material de inmovilización e mobilización. Material de cura. Desfibrilador externo semiautomático.	MED-C102. Primeiros auxilios.
Material deportivo adaptado.	MED-C103. Actividade física adaptada e discapacidade.
Equipamento da pista de baloncesto	Módulo de ensino deportivo
Canastra de baloncesto. Balón de baloncesto. Material sinalizador.	MED-BCBC102. Formación do/da xogador/a en etapas iniciais. MED-BCBC103. Dirección de equipos en etapas iniciais. MED-BCBC104. Ensino do baloncesto. MED-BCBC105. Táctica de ataque e defensa en etapas iniciais.

ANEXO VI-B

Espazos e equipamentos do ciclo final

Espazos: ciclo final



Espazo formativo	Superficie m ² 30 alumnos/as	Superficie m ² 20 alumnos/as	Módulo de ensino deportivo
Aula polivalente ou salón de actos	60 m ²	40 m ²	Todos os módulos de ensino deportivo dos bloques común e específico do ciclo final.
Ximnasio	120 m ²	90 m ²	MED-C201. Bases da aprendizaxe deportiva. MED-C202. Bases do adestramento deportivo. MED-C203. Deporte adaptado e discapacidade.
Pista polideportiva 44 x 22 mts.			MED-C201. Bases da aprendizaxe deportiva. MED-C202. Bases do adestramento deportivo. MED-C203. Deporte adaptado e discapacidade.
Espazo formativo			Módulo de ensino deportivo
Pista de baloncesto			MED-BCBC201. Formación do/da xogador/a na etapa de tecnificación. MED-BCBC202. Dirección de equipos na etapa de tecnificación. MED-BCBC203. Adestramento en baloncesto. MED-BCBC204. Táctica de ataque e defensa na etapa de tecnificación. MED-BCBC205. Iniciación en baloncesto en cadeira de rodas.

Equipamentos: ciclo final

Equipamento da aula polivalente	Módulo de ensino deportivo
Equipos audiovisuais. Canón de proxección. PCs instalados en rede con conexión a internet. Software específico.	Todos os módulos de ensino deportivo dos bloques común e específico do ciclo final.
Equipamento do ximnasio	Módulo de ensino deportivo
Material deportivo adaptado. Material ortopédico.	MED-C203. Deporte adaptado e discapacidade.
Material deportivo. Bonecos desmembrados. Láminas de anatomía. Pulsímetros.	MED-C202. Bases do adestramento deportivo.
Equipamento da pista de baloncesto	Módulo de ensino deportivo



Canastra de baloncesto. Balón de baloncesto. Material sinalizador.	MED-BCBC201. Formación do/da xogador/a na etapa de tecnificación. MED-BCBC202. Dirección de equipos na etapa de tecnificación. MED-BCBC203. Adestramento en baloncesto. MED-BCBC204. Táctica de ataque e defensa na etapa de tecnificación. MED-BCBC205. Iniciación en baloncesto en cadeira de rodas.
--	--

ANEXO VII

Proba RAE-BCBC101, de carácter específico, para o acceso ás ensinanzas de ciclo inicial de grao medio en baloncesto

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Identifica as habilidades técnicas ofensivas e defensivas máis relevantes do/da xogador/a de baloncesto nas etapas iniciais, utilizando a terminoloxía establecida.

a) Identificáronse e nomeáronse cinco das sete habilidades técnicas ofensivas presentadas.

b) Nomeáronse, utilizando a terminoloxía establecida, dez das trece habilidades técnicas ofensivas presentadas.

1º.Tiro libre.

2º.Tiro en suspensión.

3º.Entrada a canastra.

4º.Mate.

5º.*Dribbling* ou bote.

6º.Cambio de dirección.

7º.Bloqueo.

8º.Rebote.

9º.Posición de tripla ameaza.

10º.Pivote.

11º.Pase picado.

12º.Pase de peito.



13º.Pase a unha man ou pase de béisbol.

c) Nomeáronse, utilizando a terminoloxía establecida, tres das catro habilidades técnicas defensivas presentadas.

1º.Posición defensiva básica.

2º.Bloqueo de rebote.

3º.Defensa de lado de axuda ou lado débil.

4º.Rebote defensivo.

Proba asociada: habilidades técnicas ofensivas e defensivas do/da xogador/a.

Ao/á alumno/a se lle presenta imaxes das accións técnicas ofensivas e defensivas establecidas nos criterios de avaliación.

O formato de presentación pode ser imaxe fixa ou en movemento.

A resposta ás cuestións pode realizarse de forma oral ou escrita.

2. Identifica as situacións tácticas ofensivas e defensivas máis relevantes nun equipo de baloncesto nas etapas iniciais, utilizando a terminoloxía establecida.

a) Identificáronse e nomeáronse catro das seis accións de xogo colectivo defensivo e ofensivo presentadas.

b) Nomeáronse, utilizando a terminoloxía establecida, dúas das tres das accións de xogo colectivo defensivo presentadas.

1º.Defensa en zona.

2º.Balance defensivo.

3º.Defensa individual.

c) Nomeáronse, utilizando a terminoloxía establecida, dúas das tres accións de xogo colectivo ofensivo presentadas.

1º.Contraataque.

2º.Ataque contra defensa individual.

3º.Ataque contra defensa de zona.

Proba asociada: xogo colectivo.

Ao/á alumno/a se lle presenta unha secuencia de xogo colectivo no que estean



presentes as accións de xogo colectivo defensivo e ofensivo establecidas nos criterios de avaliación.

O formato de presentación debe ser unha imaxe de vídeo.

A resposta ás cuestións pode realizarse de forma oral ou escrita.

3. Identifica as regras máis importantes do baloncesto nas etapas iniciais, identificando os xestos arbitrerais relacionados con elas, e describindo as sancións máis usuais.

a) Identificouse e nomeouse, utilizando a terminoloxía establecida, a totalidade das infraccións en baloncesto presentadas.

1º.Falta persoal.

2º.Dobres.

3º.Pasos.

b) Identificáronse e describíronse cinco das seis sancións indicadas polos xestos do/da árbitro/a nas seguintes situacións:

1º.Tempo morto.

2º.Cambio.

3º.Sinalización de dous tiros libres.

4º.Sinalización de tripla.

5º.Canastra ou tiro libre anotado.

6º.Falta persoal.

7º.Dobres.

8º.Pasos.

9º.Falta técnica.

c) Describiuse a totalidade das sancións que corresponden ás seguintes infraccións do regulamento:

1º.Tras falta persoal.

2º.Tras dobres ou pasos.

d) Describíronse as principais adaptacións que respecto do baloncesto, teñen o



minibasket e o infantil pasarela.

Proba asociada: regulamento de xogo.

Ao/á alumno/a se lle presenta unha secuencia de xogo nun partido de baloncesto en etapas iniciais onde aparecen as infraccións e os xestos arbitraris establecidos nos criterios de avaliación.

O formato de presentación debe ser unha imaxe de vídeo.

A resposta ás cuestións pode realizarse de forma oral ou escrita.

Condições básicas de realización da proba de carácter específico: espazos e equipamentos.

1. Aula ou pista polideportiva.
2. Material audiovisual: imaxe fixa e vídeo.

ANEXO VIII

Requisitos de titulación do profesorado dos módulos do bloque común dos ciclos inicial e final de grao medio, en centros públicos da consellería competente en materia de educación

Serán impartidas por quen posúa a especialidade que a continuación se detalla:

Ciclo inicial

Módulo de ensino deportivo	Especialidade	Corpo
MED-C101. Bases do comportamento deportivo.	Educación física.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesores/as de ensino secundario.
MED-C102. Primeiros auxilios.	Educación física. Procesos sanitarios.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesores/as de ensino secundario.
	Procedementos sanitarios e asistenciais.	Profesores/as técnicos/as de formación profesional.
MED-C103. Actividade física adaptada e discapacidade.	Educación física.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesores/as de ensino secundario.



MED-C104. Organización deportiva.	Organización	Educación física.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesores/as de ensino secundario.
-----------------------------------	--------------	-------------------	--

Ciclo final

Módulo de ensino deportivo	Especialidade	Corpo
MED-C201. Bases da aprendizaxe deportiva.	Educación física.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesores/as de ensino secundario.
MED-C202. Bases do adestramento deportivo.	Educación física.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesores/as de ensino secundario.
MED-C203. Deporte adaptado e discapacidade.	Educación física.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesores/as técnicos/as de formación profesional.
MED-C204. Organización e lexislación deportiva.	Educación física.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesores/as de ensino secundario.
MED-C205. Xénero e deporte.	Educación física.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesores/as de ensino secundario.

ANEXO IX-A

Requisitos de titulación do profesorado dos módulos do bloque específico dos ciclos inicial e final de grao medio, en centros públicos da consellería competente en materia de educación

Serán impartidas por quen posúa a especialidade ou condición que a continuación se detalla:

Ciclo inicial

Módulo de ensino deportivo	Especialidade	Corpo
----------------------------	---------------	-------



MED-BCBC102. Formación do/da xogador/a en etapas iniciais. MED-BCBC103. Dirección de equipos en etapas iniciais. MED-BCBC104. Ensino do baloncesto. MED-BCBC105. Táctica de ataque e defensa en etapas iniciais. MED-BCBC106. Formación práctica.	Educación física co título de técnico deportivo superior en Baloncesto.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesores/as de ensino secundario.
	Profesor/a especialista.	

Ciclo final

Módulo de ensino deportivo	Especialidade	Corpo
MED-BCBC201. Formación do/da xogador/a na etapa de tecnificación. MED-BCBC202. Dirección de equipos na etapa de tecnificación. MED-BCBC203. Adestramento en baloncesto. MED-BCBC204. Táctica de ataque e defensa na etapa de tecnificación. MED-BCBC205. Iniciación en baloncesto en cadeira de rodas. MED-BCBC206. Formación práctica.	Educación física co título de técnico deportivo superior en Baloncesto.	Catedrático/a de ensino secundario. Profesor/a de ensino secundario.
	Profesor/a especialista.	

ANEXO IX-B

Condición de profesor/a especialista en centros públicos da consellería competente en materia de educación: acreditación de experiencia docente, ou actividade no ámbito deportivo e laboral

Ciclo inicial e final

Módulos de ensino deportivo	Experiencia docente acreditable	Actividade no ámbito deportivo e laboral
-----------------------------	---------------------------------	--



MED-BCBC102. Formación do/da xogador/a en etapas iniciais. MED-BCBC103. Dirección de equipos en etapas iniciais. MED-BCBC104. Ensino do baloncesto. MED-BCBC105. Táctica de ataque e defensa en etapas iniciais. MED-BCBC106. Formación práctica. MED-BCBC201. Formación do/da xogador/a na etapa de tecnificación. MED-BCBC202. Dirección de equipos na etapa de tecnificación. MED-BCBC203. Adestramento en baloncesto. MED-BCBC204. Táctica de ataque e defensa na etapa de tecnificación. MED-BCBC205. Iniciación en baloncesto en cadeira de rodas. MED-BCBC206. Formación práctica.	Polo menos 100 horas de docencia acreditada en formación de adestradores/as no nivel 1, 2 ou 3 de baloncesto nas formacións ás que se refire a disposición adicional quinta do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, así como a disposición transitoria primeira dos reais decretos 1913/1997, do 19 de decembro, e 1363/2007, do 24 de outubro.	Polo menos 2 anos de exercicio deportivo-laboral relacionado coas competencias profesionais do ciclo inicial, final ou superior realizado nos 4 anos inmediatamente anteriores ao nomeamento.
---	--	---

No caso das formacións ás que se refire a disposición adicional quinta do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, a Federación Española de Baloncesto, emitirá a correspondente certificación da experiencia docente na que conste: as materias impartidas, o número de horas impartidas, a data do curso en que se impartiu a materia ou materias, e a data da resolución de recoñecemento da formación por parte do Consello Superior de Deportes xunto coa data de publicación no BOE.

No caso das formacións ás que se refire a disposición transitoria primeira dos reais decretos 1913/1997, do 19 de decembro, e 1363/2007, do 24 de outubro, o órgano competente da comunidade autónoma o órgano competente da comunidade autónoma que autorizou as formacións emitirá a correspondente certificación da experiencia docente en que consten as materias e o número de horas impartidas.

A experiencia laboral acreditarase mediante a certificación da empresa onde se adquirise a devandita experiencia na que conste especificamente a duración do contrato, a actividade desenvolvida e o período de tempo en que se realizou a actividade. No caso de traballadores/as por conta propia, esixirase a certificación de alta no censo de obrigados tributarios, cunha antigüidade mínima dun ano, así como unha declaración do/da interesado/a das actividades máis representativas.

A Federación Española de Baloncesto emitirá a correspondente certificación da experiencia deportiva na que conste a actividade desenvolvida e o período de tempo en que se realizou a actividade.



ANEXO X

Requisitos de titulación do profesorado dos módulos de ensino deportivo dos ciclos inicial e final de grao medio, en centros privados e de titularidade pública de administracións distintas á consellería competente en materia de educación

Serán impartidos por quen acredite os títulos que a continuación se detallan ou os que fosen declarados equivalentes ou homologados para os efectos de docencia:

Módulos do bloque común: ciclo inicial

Módulo común de ensino deportivo	Titulacións
MED-C101. Bases do comportamento deportivo.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Licenciado/a ou graduado/a en Psicoloxía. Mestre/a especialista en Educación Física. Título de graduado/a que habilite para o exercicio da profesión de mestre/a en Educación Primaria que inclúa unha mención en Educación Física.
MED-C102. Primeiros auxilios.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Licenciado/a ou graduado/a en Medicina. Diplomado/a ou graduado/a en Enfermaría. Diplomado/a ou graduado/a en Fisioterapia.
MED-C103. Actividade física adaptada e discapacidade.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Mestre/a especialista en Educación Física. Graduado/a en Educación Primaria mención en Educación Física.
MED-C104. Organización deportiva.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte.

Módulos do bloque común: ciclo final

Módulo común de ensino deportivo	Titulacións
MED-C201. Bases da aprendizaxe deportiva.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Licenciado/a ou graduado/a en Psicoloxía. Mestre/a especialista en Educación Física. Título de graduado/a que habilite para o exercicio da profesión de mestre/a en Educación Primaria que inclúa unha mención en Educación Física.
MED-C202. Bases do adestramento deportivo.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte.



MED-C203. Deporte adaptado e discapacidade.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte.
MED-C204. Organización e lexislación deportiva.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Licenciado/a ou graduado/a en Dereito.
MED-C205. Xénero e deporte.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Mestre/a especialista en Educación Física. Graduado/a en Educación Primaria mención en Educación Física.

Módulos do bloque específico: ciclo inicial

Módulo específico de ensino deportivo	Titulacións
MED-BCBC102. Formación do/da xogador/a en etapas iniciais. MED-BCBC103. Dirección de equipos en etapas iniciais. MED-BCBC104. Ensino do baloncesto. MED-BCBC105. Táctica de ataque e defensa en etapas iniciais.	Técnico/a deportivo/a superior en Baloncesto.
MED-BCBC106. Formación práctica.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias de Física e o Deporte. Técnico/a deportivo/a superior en Baloncesto.

Módulos do bloque específico: ciclo final

Módulo específico de ensino deportivo	Titulacións
MED-BCBC201. Formación do/da xogador/a na etapa de tecnificación. MED-BCBC202. Dirección de equipos na etapa de tecnificación. MED-BCBC203. Adestramento en baloncesto. MED-BCBC204. Táctica de ataque e defensa na etapa de tecnificación. MED-BCBC205. Iniciación en baloncesto en cadeira de rodas.	Técnico/a deportivo/a superior en Baloncesto.
MED-BCBC206. Formación práctica.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Técnico/a deportivo/a superior en Baloncesto.

ANEXO XI-A

Correspondencia dos módulos de ensino deportivo coas unidades de competencia para a súa acreditación

Módulos de ensino deportivo superados	Unidades de competencia do CNCP acreditables
---------------------------------------	--



Os módulos de: • MED-C102. Primeiros auxilios. • MED-BCBC106. Formación práctica.	Acreditan a unidade de competencia: UC0272_2_R: asistir como primeiro/a interveniente en caso de accidente ou situación de emerxencia.
---	---

ANEXO XI-B

Correspondencia das unidades de competencia acreditadas cos módulos de ensino deportivo para a súa validación

Módulos de ensino deportivo superados	Unidades de competencia do CNCP acreditables
A unidade de competencia: • UC0272_2_R: asistir como primeiro/a interveniente en caso de accidente ou situación de emerxencia.	Permiten a validación de: • MED-C102. Primeiros auxilios.

ANEXO XII

Validacións entre módulos de ensino deportivo establecidos ao abeiro de a Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo e os módulos de ensino deportivo do bloque específico do técnico deportivo en Baloncesto

Ciclo inicial

Módulos superados do primeiro nivel do título de técnico deportivo en Baloncesto LOGSE (Real decreto 234/2005, do 4 de marzo)	Módulos validados do ciclo inicial de grao medio de Baloncesto
• Accións técnico-tácticas individuais e colectivas do xogo.	MED-BCBC102. Formación do/da xogador/a en etapas iniciais. MED-BCBC105. Táctica de ataque e defensa en etapas iniciais.
• Dirección de equipos. • Regras de xogo.	MED-BCBC103. Dirección de equipos en etapas iniciais.
• Metodoloxía do ensino e do adestramento de baloncesto. • Planificación e avaliación do adestramento en baloncesto. • Preparación física aplicada. • Seguridade deportiva.	MED-BCBC104. Ensino do baloncesto.
• Módulo de formación práctica.	MED-BCBC106. Formación práctica.

Ciclo final

Módulos superados do segundo nivel do título de técnico deportivo en Baloncesto LOGSE (Real decreto 234/2005, do 4 de marzo)	Módulos validados do ciclo final de grao medio de Baloncesto
---	---



• Accións técnico-tácticas individuais do xogo II. • Detección e selección de talentos.	MED-BCBC201. Formación do/da xogador/a na etapa de tecnificación.
• Regras de xogo. • Dirección de equipos. • Dirección de partido. • Observación do xogo.	MED-BCBC202. Dirección de equipos na etapa de tecnificación.
• Metodoloxía do ensino e do adestramento de baloncesto. • Planificación e avaliación do adestramento en baloncesto. • Preparación física aplicada. • Psicoloxía aplicada.	MED-BCBC203. Adestramento en baloncesto.
• Accións técnico-tácticas colectivas do xogo II. • Sistemas de xogo.	MED-BCBC204. Táctica de ataque e defensa na etapa de tecnificación.
• Módulo de formación práctica.	MED-BCBC206. Formación práctica.

ANEXO XIII

Exención total ou parcial do módulo de formación práctica dos ciclos inicial e final

MED-BCBC106. Formación práctica	Experiencia no ámbito laboral ou deportivo
Exención total. Exención parcial.	• Duración: superior a 300 horas. • Actividade desenvolvida: experiencia relacionada coa competencia xeral do ciclo inicial de grao medio en Baloncesto e os resultados de aprendizaxe do módulo de formación práctica. • Período de tempo que desenvolveu a actividade: dous anos anteriores á finalización do curso.

A exención parcial do módulo de formación práctica, concederáse para aqueles resultados de aprendizaxe do módulo, que sexan concordantes coa experiencia laboral ou deportiva acreditada.

A exención total do módulo de formación práctica, poderáse conceder cando exista unha completa concordancia da experiencia laboral ou deportiva acreditada coa totalidade dos resultados de aprendizaxe do correspondente módulo.

A federación española ou autonómica de baloncesto emitirá a correspondente certificación da experiencia deportiva en que conste a actividade desenvolvida e o período de tempo no que se realizou a actividade.



A experiencia laboral acreditarase mediante a certificación da empresa onde se adquirise a devandita experiencia en que conste especificamente a duración do contrato, a actividade desenvolvida e o período de tempo no que se realizou a actividade. No caso de traballadores/as por conta propia, esixirase a certificación de alta no censo de obrigados tributarios, cunha antigüidade mínima dun ano, así como unha declaración do/da interesado/a das actividades máis representativas.

MED-BCBC206. Formación práctica	Experiencia no ámbito laboral ou deportivo
Exención total. Exención parcial.	• Duración: superior a 400 horas. • Actividade desenvolvida: experiencia relacionada coa competencia xeral do ciclo final de grao medio en Baloncesto e os resultados de aprendizaxe do módulo de formación práctica. • Período de tempo que desenvolveu a actividade: dous anos anteriores á finalización do curso.

A exención parcial do módulo de formación práctica, concederase para aqueles resultados de aprendizaxe do módulo, que sexan concordantes coa experiencia laboral ou deportiva acreditada.

A exención total do módulo de formación práctica, poderase conceder cando exista unha completa concordancia da experiencia laboral ou deportiva acreditada coa totalidade dos resultados de aprendizaxe do correspondente módulo.

A federación española ou autonómica de baloncesto ou aquelas entidades establecidas polas administracións educativas competentes emitirán a correspondente certificación da experiencia deportiva en que conste a actividade desenvolvida e o período de tempo no que se realizou a actividade.

A experiencia laboral acreditarase mediante a certificación da empresa onde se adquirise a devandita experiencia en que conste especificamente a duración do contrato, a actividade desenvolvida e o período de tempo no que se realizou a actividade. No caso de traballadores/as por conta propia, esixirase a certificación de alta no censo de obrigados tributarios, cunha antigüidade mínima dun ano, así como unha declaración do/da interesado/a das actividades máis representativas.

ANEXO XIV

Formación a distancia

Módulos bloque común	Grao medio	
	Ciclo inicial	Ciclo final



	MED-C101. Bases do comportamento deportivo. MED-C102. Primeiros auxilios. MED-C103. Actividade física adaptada e discapacidade. MED-C104. Organización deportiva.	MED-C201. Bases da aprendizaxe deportiva. MED-C202. Bases do adestramento deportivo. MED-C203. Deporte adaptado e discapacidade. MED-C204. Organización e lexislación deportiva. MED-C205. Xénero e deporte.
Módulos bloque específico	MED-BCBC102. Formación do/da xogador/a en etapas iniciais. MED-BCBC103. Dirección de equipos en etapas iniciais. MED-BCBC104. Ensino do baloncesto. MED-BCBC105. Táctica de ataque e defensa en etapas iniciais.	MED-BCBC201. Formación do/da xogador/a na etapa de tecnificación. MED-BCBC202. Dirección de equipos na etapa de tecnificación. MED-BCBC203. Adestramento en baloncesto. MED-BCBC204. Táctica de ataque e defensa na etapa de tecnificación. MED-BCBC205. Iniciación en baloncesto en cadeira de rodas.